



Universidade da Coruña

GRAO DE SOCIOLOXÍA

TRABALLO DE FIN DE GRAO

CURSO ACADÉMICO: 2018-2019

CONVOCATORIA: XUÑO 2019

## **Identidade e lingua na mocidade galega.**

Identidad y lengua en jóvenes gallegos.

Identity and language in young Galicians.

Alumna: Ana Enériz Janeiro

Dirixido por: Manuel García Docampo



**Resumo:** O presente traballo ten como obxectivo principal analizar a identidade da mocidade galega prestando especial atención ao papel da lingua. A través da análise de datos procedentes de fontes secundarias como o Instituto Galego de Estatística, e mediante entrevistas focalizadas, realizadas a mocidade procedente das catro provincias galegas, poderemos comprender como as mozas e mozos configuran a súa identidade en relación á lingua. Pero tamén se indagarán nas actitudes da mocidade cara ás linguas e os seus falantes, o cal permitiranos descubrir como se define a situación sociolingüística da xuventude galega. Tamén se terá en conta o proceso de globalización que está influíndo na sociedade para analizar como a lingua pode determinar este sentimento de identidade. Tómase a mocidade como poboación de análise debido a que o futuro da lingua está nas súas mans.

**Palabras clave:** Identidade, lingua, actitudes lingüísticas, sociolingüística, Galicia

**Resumen:** El presente trabajo tiene como objetivo principal analizar la identidad de los jóvenes gallegos prestando especial atención al papel del idioma. A través del análisis de datos procedentes de fuentes secundarias, como el Instituto Gallego de Estadística, y mediante entrevistas focalizadas realizadas a jóvenes de las cuatro provincias de gallegas, podemos comprender cómo los y las jóvenes configuran su identidad en relación con el idioma. Pero también se indagará en las actitudes de los jóvenes hacia las lenguas y sus hablantes, lo que nos permitirá descubrir cómo se define la situación sociolingüística de los jóvenes gallegos. También se tendrá en cuenta el proceso de globalización que está influyendo en la sociedad para analizar cómo el lenguaje puede determinar este sentimiento de identidad. Se toma a los jóvenes como población de análisis porque el futuro del idioma está en sus manos.

**Palabras clave:** Identidad, lengua, actitudes lingüísticas, sociolingüística, Galicia

**Abstract:** The focus of this study is to analyse Galician youth's identity, focusing on the role of language in it. Through the analysis of data from secondary sources, such as the Galician Institute of Statistics, and with focused interviews to young people from all four Galician provinces, we will be able to understand how Galician youth create their identity in relation with the language. We will also explore the younger generation's attitude towards languages and its speakers, which will allow us to discover how the

sociolinguistic situation of Galician youth is defined. We will also take into account the globalization process that is influencing society to analyse how the language can determine identity. We use youth as the study's population because we believe that the future of Galician language depends on them.

**Key words:** Identity, language, linguistic attitudes, sociolinguistics, Galicia

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	7
MARCO TEÓRICO .....	9
<b>Antecedentes</b> .....	9
<b>Situación actual</b> .....	11
Identidade social.....	12
A lingua como elemento fundamental da identidade.....	14
Actitudes lingüísticas .....	16
Prexuizos lingüísticos.....	19
Relación do galego e o castelán en Galicia.....	20
Bilingüismo .....	20
Diglosia.....	21
O galego e o castelán ao longo da historia .....	22
Impacto da Globalización na cultura e no uso da lingua galega .....	23
METODOLOXÍA.....	25
Obxectivos da investigación .....	26
Acoutacións metodolóxicas .....	27
Hipóteses.....	28
Contrastes.....	29
Obxectivos específicos .....	29
Técnicas e estratexias para resolver os contrastes .....	31
Datos procedentes de fontes secundarias .....	31
Entrevistas focalizadas .....	32
ANÁLISE DE RESULTADOS.....	34
OBXECTIVO 1: Situación sociolingüística a través de datos secundarios.....	34
OBXECTIVO 1: Situación sociolingüística a través de revisión de acontecementos históricos.....	39
OBXECTIVO 2: Identidade e actitudes cara á lingua a través de entrevistas focalizadas .....	43
Actitudes e prexuizos dos castelanfalantes cara a ambos grupos de falantes .....	43
Actitudes e prexuizos dos galegofalantes cara a ambos tipos de falantes.....	44
Prexuizos e estereotipos .....	45

Análise da identidade e a lingua.....	46
Autoposicionamento identitario .....	50
Globalización, lingua e identidade. ....	51
CONTRASTE DE HIPÓTESES .....	53
CONCLUSIÓNS .....	57
TOMA DE DECISIÓNS FORTALEZAS E DEBILIDADES.....	58
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS .....	60
ANEXOS .....	63
GUIÓN ENTREVISTA FOCALIZADA .....	63

## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1 Evolución da lingua habitual segundo a idade .....	34
Gráfico 2 Persoas de 15-29 anos segundo a lingua na que falan habitualmente.....	35
Gráfico 3 Persoas de 15-29 anos segundo a lingua na que se desenvolven mellor para falar.....	36
Gráfico 4 Persoas de 5-29 anos segundo a lingua na que aprenderon a falar.....	36
Gráfico 5 Persoas de 15 a 29 anos segundo a lingua que falan habitualmente por provincias no 2013.....	37
Gráfico 6 Persoas de 16 a 29 anos segundo a percepción do uso do galego na actualidade no 2013.....	38
Gráfico 7 Persoas de 16 a 29 anos segundo a percepción do uso do galego no 2013 respecto fai 5 anos.....	39
Gráfico 8 Persoas 16 a 29 anos segundo a percepción do uso do galego dentro de 5 anos. No ano 2013.....	39

## INTRODUCCIÓN

O problema social que pretende reflectir este traballo é a situación crítica do galego en Galicia sinalando a especial importancia da mocidade neste proceso. Trátase dun traballo no que a sociedade e a lingua son as principais protagonistas.

Esta relación entre a lingua e a sociedade lévanos á sociolingüística, onde predominan os factores lingüísticos, e á socioloxía da linguaxe, onde predominan os factores sociais (Moreno, 2005:288).

A consideración dos aspectos sociais presentes nos procesos lingüísticos supuxo un nova consideración das investigacións actuais sobre as linguas e a linguaxe tanto a nivel teórico coma metodolóxico.

Ao longo das últimas décadas sinalouse a importancia dos dereitos das linguas e o papel existente entre a identidade social e cultural da coa lingua propia.

“A cultura e a identidade son elementos básicos para a cohesión dunha sociedade e forman parte integral, por non dicir central, do seu capital humano e do seu potencial de desenvolvemento, e polo tanto do seu benestar” (Monteagudo, 2009: 25)

Con este traballo de investigación preténdese investigar cal é o papel que desempeña a lingua á hora de definir a identidade da mocidade galega, é dicir, intentarase investigar de que maneira inflúe o uso ou non da lingua na configuración da súa identidade.

Tendo en conta que “entre os que senten só galegos ou máis galegos que españois, o idioma habitual é maioritariamente o galego, con porcentaxes do 86,8 e 67,1 respectivamente” (Miguez, 2010: 113) podemos sinalar que hai elementos socioculturais como a lingua que mostran unha vinculación identitaria dos galegos co seu territorio.

Ademais procurárase mostrar a relación entre o galego e o castelán presente na actualidade entre a mocidade, o que nos permitirá realizar unha análise da situación sociolingüística.

Observando os datos recollidos mediante a enquisa sobre o coñecemento e uso do galego feita polo Instituto Galego de Estatística no 2003, o galego era a lingua maioritaria de Galicia, na actualidade as cifras cambiaron. Cómpre sinalar como o uso do galego vaise reducindo drasticamente nos grupos de idade máis novos, por esta razón o obxecto de estudo deste traballo é a mocidade galega.

Naqueles territorios nos que existen varias linguas en contacto como é Galicia resulta de especial interese o estudo dos comportamentos e actitudes sociais ante a as diferentes linguas, por iso este traballo procurará mostrar a realidade entre a sociedade e a lingua. Ben é certo que alcanzar una situación de equilibrio total de varias linguas nun mesmo territorio, en todos os seus usos e funcións é practicamente imposible, polo que intentárase explicar as razóns que levan a situar o galego e o castelán en diferentes posicións sociais.

Polo tanto os principais obxectivos deste traballo son dous. Por unha banda preténdese estudar como a mocidade galega configura a súa identidade en relación á lingua, se esta xoga un papel relevante ou non, e que significados lles pode aportar ou non o uso do galego. Por outra banda, o outro obxectivo sería coñecer como o galego e o castelán conviven en Galicia entre a mocidade, neste sentido resulta de especial interese a perspectiva e as actitudes da mocidade cara as linguas xa que os futuro das destas depende de nós.

Os resultados obtidos poderán clarificar algunhas dúbidas a respecto deste tema e coñecer as actitudes e vinculación de moitos mozos coa lingua e/ou o territorio no que desenvolven a súa vida cotiá. Ademais, este estudo porá de relevo a situación actual da lingua galega e poderá servir para concienciarnos de que está a suceder coa cultura e a lingua galega na actualidade.

Ademais, ten especial interese xa que as conclusións poderían mostrar cales son aqueles elementos sobre os que é necesario actuar para fomentar o uso do galego ademais un estudo coma este poderíase aplicar a outras rexións con linguas e identidades propias.



## MARCO TEÓRICO

O marco teórico que se presenta dividírase en dúas partes. Por un lado a conformada polos “antecedentes” onde se pode atopar una revisión bibliográfica sobre as áreas de estudo relacionadas co contido do traballo e as principais investigacións previas que abordaron esta temática. A seguinte parte é a denominada “situación actual” na que se presentan os principais conceptos arredor dos cales se desenvolve o traballo, que permitirán configurar unha base teórica para alcanzar os nosos obxectivos e desenvolver as nosas hipóteses.

### Antecedentes

A sociolingüística moderna impulsouse a partir do 1964 cando se celebraron en EEUU conferencias sobre sociolingüística que mostraban o estudo da sociolingüística como una ciencia multidisciplinaria, ao ser estudada tanto por lingüistas como por sociólogos e antropólogos (Moreno, 2005).

A pesar das dificultades existentes para súa definición, “a sociolingüística é una ciencia interdisciplinaria que se ocupa das relacións existentes entre a lingua e a sociedade” (Hernández e Almeida, 2005:1)

Máis cabe destacar que os antecedentes da sociolingüística atópanse con anterioridade co nacemento da lingüística xeral xa que lingüistas como Ferdinand de Saussure cuestionábanse aspectos sociais vinculados ás linguas (Moreno, 2005).

Destaca a labor de William Labov como un gran precursor da sociolingüística tanto a nivel teórico como a nivel metodolóxico coa súa obra *The Social Stratification of English in New York City* e *Sociolingüistic Patterns*.

A Sociolingüística é unha ciencia, é unha rama da Lingüística [...], mira á linguaxe como un fenómeno social e cultural, estuda a linguaxe no seu contexto social, en situacións da vida real, por medio da investigación empírica e está relacionada coa metodoloxía e contidos das ciencias sociais, principalmente Antropoloxía e a Socioloxía (Hernández e Almeida, 2005:1).

“O termo sociolingüística comezou a difundirse en España a finais dos anos sesenta. Anteriormente a disciplina era coñecida como socioloxía lingüística, dentro da tradición lingüística francesa”. (Moreno, 2005:288)

En Galicia comeza a falarse de sociolingüística no ano 1963 cando se edita a revista Grial onde aparecen reflexións acerca da lingua e a sociedade. Pero tamén nese curso

comezan a impartirse as materias de lingua e literatura galega na Universidade de Santiago. Destaca Ramón Piñeiro polo seu discurso de ingreso na Real Academia Galega en 1967 “A linguaxe e as linguas”. Neste discurso expón a situación do galego e introduce elementos sociolingüísticos (Monteagudo, 2012b).

Os estudos que se realizaron sobre a situación sociolingüística do galego remóntanse aos anos setenta. Como sostén Iglesias (1999), Durante esta década os traballos caracterizábanse por estar realizados por sociólogos, onde o interese radicaba no estudo das linguas minorizadas e a conciencia rexional, coma por exemplo “Un análisis sociológico de la galleguidad y del conflicto lingüístico gallego”. Estes estudos dan lugar á aparición de traballos empíricos sobre a situación sociolingüística en España.

Despois entre 1978 e 1992 xa son filólogos e lingüistas os que abordan estudos sobre sociolingüística e destacan os estudos sobre o galego no ensino. Entre o 1992 e 1996 destaca o Mapa Sociolingüístico Galego, levado a cabo polo Seminario de sociolingüística e o Censo de Poboación e vivendas que inclúe preguntas sobre a lingua. (Iglesias, 1999)

“Cunha investigación cuantitativa que, tanto polo tamaño da mostra coma polos temas e ámbitos estudados, non ten equivalente en España nin no resto de Europa: O Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG)”(Iglesias,1999: 13)

Ao longo dos anos noventa destacan os estudos sociolingüísticos realizados na universidade de Vigo e de Santiago. Desde os 2000 ata a actualidade destaca a Enquisa de condicións de vida das familias, co seu módulo sobre o coñecemento e uso do galego que se realizou en 2003, 2008 e 2013, o MSG de 2004, e outros estudos levados a cabo polo Consello da Cultura Galega (Monteagudo, Loredo e Vazquez, 2016).

Por outra parte cabe sinalar a socioloxía da linguaxe na que destaca “Joshua Fishman que pon en tea de xuízo a corrente sociolingüística por considerar a sociedade como un estamento superior á linguaxe” (Moreno, 2005:291)

Rebecca Agueyisi e Josua Fishman sinalaron no 1970 a importancia do estudo das actitudes lingüísticas “para coñecer aspectos como a elección dunha lingua en sociedades con máis dunha lingua, a ensinanza de linguas ou a influencia das actitudes nos procesos de cambio lingüístico” (Moreno, 2005:177)

“Destaca a definición proposta por Sarnoff o cal sostén que o comportamento actitudinal responde a unha disposición de reacción favorable ou desfavorable cara a unha serie de elementos, no caso particular cara as linguas de convivencia”.(Falcón e Mamani, 2007:97)

Outro dos elementos importantes para este traballo é o concepto de identidade. Destaca a Teoría da Identidade Social desenvolvida por Henry Tajfel e John Turner (1979) que distingue tres conceptos dentro da identidade.

Primeiramente a categorización, entendida como un proceso de clasificación que nos axuda a comprendernos dentro do noso entorno social e define o lugar do individuo na sociedade.

En segundo lugar está a identificación, que fai referencia a cando nos identificamos con grupos aos que creemos pertencer: “os individuos que pertencen a un grupo terían certa conciencia colectiva de si mesmos como grupo social diferenciado, compartindo criterios de identidade social” (Canto e Moral, 2005:60).

E en terceiro lugar a comparación que consiste nun proceso de comparación cos nosos similares para autovalorarnos: “a comparación social con outros grupos similares permite que os individuos obteñan información acerca do status relativo do seu grupo e deles mesmos como membros del” (Canto e Moral, 2005:61).

Como antecedentes con respecto á metodoloxía e necesario sinalar a obra *The Focused Interview* de Merton, Fiske e Kendal onde os autores describiron a importancia da clase de entrevista que estiveron desenvolvendo durante a súa investigación sobre os efectos psicolóxicos e sociais da comunicación de masas (Valles, 2002)

### **Situación actual**

A continuación preséntase a revisión bibliográfica dunha serie de apartados no que se expón cos principais conceptos do traballo.

En primeiro lugar trátase o concepto de identidade como elemento principal do traballo; en segundo lugar a lingua como elemento identitario, o cal aporta unha perspectiva social das funcións que pode ter unha lingua.

A continuación una revisión sobre as actitudes lingüísticas que pode ter unha sociedade cara a unha lingua e os seus falantes, prestando especial interese aos prexuízos lingüísticos. Despois, unha revisión historia sobre a relación do galego e o castelán en

Galicia presentando conceptos sociolingüísticos básicos que nos permiten definir a relación de dúas linguas en contacto, e por último, o impacto da Globalización sobre as linguas o cal pode influír no seu uso e difusión.

### Identidade social

O concepto de identidade adquire múltiples matices xa que pode falarse de identidade social, identidade cultural, identidade grupal, etc. Neste traballo de investigación fábase da identidade ligada á cultura da sociedade dun territorio concreto que é Galicia, . Este tipo de identidade pode definirse como o conxunto de características e valores compartidos por un conxunto ou grupo de individuos, que permiten a ditos individuos definirse e actuar en función de dita identidade (Francisco y Aguiar, 2003).

A identificación cun determinado ámbito territorial é unha forma de ser, de ter raíces. Permítenos identificarnos cun grupo territorial que sería a comunidade onde os sentimentos identitarios cobran especial relevancia para a organización social.

A identidade cultural pode verse como un instrumento para protexerse dos aspectos negativos da globalización como a estandarización social, económica e política deixando paso á diversidade (Barbeito, 2011).

Poden considerarse aspectos negativos porque abandonan a idea dunha identidade baseada nas raíces propias, pero ante estes procesos de estandarización derivados da globalización, moitos optaron por reafirmar a súa identidade cultural co fin último de non perder os valores culturais que tiveron lugar ata o momento.

Con estas transformacións, xorde un medo á perda de referencias culturais polas que a sociedade se pode definir. Por motivos similares poden aparecer conflitos en relación coas identidades rexionais.

Antes, a identidade non era un problema porque o feito de “pertencer” resultaba natural, e como o individuo estaba vinculado localmente, a comunidade á que se adhería era a súa comunidade persoal (Bauman,1999).

O concepto de identidade cultural aplícase nun contexto grupal. Cando se utiliza este concepto, pártese de que existe unha relación de identidade entre os membros dun mesmo grupo que comparten características comúns. Isto fai referencia a que o grupo se identifique consigo mesmo (Zimmermann, 1991).

Este traballo pon especial atención á lingua como elemento cultural que define e determina as identidades dos individuos e, en consecuencia do grupo.

“A lingua é un elemento cultural que é utilizado frecuentemente como característica constitutiva dunha identidade, étnica e/ou nacional” (Apaolaza,1995:249). Pero non é unha condición necesaria para que se mostren fenómenos de identidade.

Tajfel (1984), defende a identidade social é construída no contexto das actividades cara a un grupo. Este autor insiste en que, tanto a identidade persoal como o comportamento individual e grupal deberían ser entendidos como partes da pertenza aos grupos. Adquire gran importancia o grupo no que o individuo se desenvolve e se socializa xa que, a través dos procesos de socialización e tamén a contorna onde se desenvolve, o individuo crea a súa identidade. A identidade é algo que se constrúe socialmente a través de todo o que o individuo aprende ao longo da súa experiencia vital, por iso a cultura, a sociedade e o territorio no que o individuo se desenvolva, son elementos de gran importancia para a formación da identidade.

“A identidade social sería a parte do autoconcepto do individuo que deriva do coñecemento do individuo de que pertence a certos grupos, xunto ao significado emocional e valorativo que ten para o a pertenza a eses grupos” (Tajfel, 1972:31).

A identidade social e cultural depende de imaxinarios sociais compartidos polos membros dun determinado grupo sexa cal sexa o seu tamaño. Neste proceso de construción identitaria, a linguaxe ocupa unha posición central, pois grazas a el constrúense e circulan as visións do mundo que caracterizan aos grupos sociais (Charaudeau 2012: 24).

Por outra banda, é necesario sinalar que a identidade social non só fai referencia ao sentimento de pertenza a un grupo, senón que tamén é importante a valoración positiva ou negativa que o individuo fai acerca da súa pertenza, e o que pode producirlle ou beneficiarlle esa pertenza. Neste sentido os individuos tenden a considerar que a súa pertenza ao grupo é algo positivo. Pero para alcanzar esta identidade social positiva é necesario que exista en comparación, un grupo ao que se lle asigne unha valoración negativa.

### A lingua como elemento fundamental da identidade

O elemento principal para o desenvolvemento deste traballo é a lingua por iso é necesario explicar a importancia da lingua na formación da identidade nos grupos sociais. Por unha banda, como sostén Zimmerman (1991), a lingua crea unha rede de comunicación entre os integrantes dun grupo social a cal, é un factor fundamental para que o grupo se constitúa como tal.

Pode entenderse a lingua como un elemento básico para manter a unidade dun grupo, xa que os individuos relaciónanse a través da linguaxe, pero tamén adquire un carácter de símbolo para indicar a pertenza a certo grupo étnico. Ademais, a lingua ten a capacidade de transmitir e almacenar experiencias dun determinado grupo étnico. Os elementos culturais e patrimoniais como a lingua, poden servir para establecer unha base emocional do grupo e marcar os límites con outros grupos.

A lingua non funciona soamente como un feito no proceso de coñecemento humano, senón como un símbolo de identidade étnica. A lingua común é un elemento fundamental na afirmación do grupo étnico. (González,1995)

“É que os trazos pertinentes na definición dos grupos non son os obxectivamente constatables polo observador externo, senón os que os propios actores estiman relevantes.”(Monteagudo, 2017:33) Tendo isto en conta a lingua pode ser o elemento principal da definición dos grupos étnicos.

Unha vez que a modalidade idiomática adquiriu certa autonomía, pode ser totemizado, isto é, converterse nun obxecto cun status icónico. A totemización implica que agora a lingua é contemplada como unha das propiedades definidoras do grupo. A focalización da identidade étnica e da lingua vai acompañada da marcaxe da fronteiras nidias con outros grupos e outras linguas (Monteagudo, 2017:35)

O uso dunha lingua propia adquirida durante o proceso de socialización permite consolidar a identidade. Falando a mesma lingua recoñécense como parte do mesmo grupo e do mesmo pobo. Aínda que hai que destacar que o galego foi un marcador social negativo debido a que as clases superiores e a Igrexa sufriron ao longo da historia unha forte castelanización (Míguez, 2010). Este é un exemplo de como se lle atribuíu á

lingua galega unha connotación social negativa baseada en prexuízos e esta valoración subxectiva xeneralizouse en gran parte da sociedade.

A lingua ten unha función básica comunicativa pero cando esta función vai máis aló, convértese nun símbolo de identidade cultural ou étnica. O idioma convértese nunha institución cultural cando os falantes recoñecen que existen pautas de comportamento lingüístico que asocian a un determinado grupo que é a comunidade. Pero a lingua tamén pode converterse en símbolo da comunidade.

A lingua como elemento simbólico da identidade e pertenza serve como medio para levar a cabo outras actividades étnicas que reforzan esa identidade.

Créase un lazo asociativo no que, tanto elementos culturais relevantes, como festas, tipos de traxes, etc., como o sentimento de comunidade, atopan a súa expresión na lingua, e mesmo se percibe que se se expresan noutra lingua diferente perden “xenuinidade”. (Lapresta e Huget, 2006: 89)

De modo que a lingua dun determinado grupo convértese nun importante elemento que vincula aos membros co propio grupo, cara ao que senten esa pertenza e co que senten identificados. Tamén é o elemento principal que permite a construción da identidade e en moitos casos mesmo é fonte desa identidade.

A lingua nos define, expresa a nosa identidade e actúa como factor de determinación dun grupo xa que nos fai recoñecibles como membros dun grupo. A lingua convértese, nun marcador social que define a sociedade.. É así como falar una determinada lingua, como pode ser o galego, mostra unha serie de aspectos sociais identitarios. (Pereza e Monreal,2013).

A lingua pode entenderse como o resultado dun proceso histórico polo cal un grupo humano dótese dun sistema simbólico, que cumpre diferentes funcións: servir de medio de comunicación e creación científica e literaria e servir como signo de pertenza a un determinado grupo. (Apaolaza,1995)

A lingua ten un carácter dual, por unha banda, ten unha dimensión comunicativa e por outra a dimensión participativa. Cando se utiliza só co fin de transmitir mensaxes, faise un uso da lingua na súa dimensión comunicativa, é unha función básica. Pero tamén pode adquirir unha dimensión participativa cando se utiliza a lingua co obxectivo de que

se recoñeza ao individuo como membro dun grupo social determinado, independentemente das mensaxes que queira transmitir (Lapresta e Huget, 2006).

A lingua preséntanos aos demais e mostra a nosa relación co grupo étnico e co resto da sociedade. Posiciónanos socialmente e tamén individualmente en diferentes situacións e conflitos, define a nosa identidade, aínda que non é o único elemento que a define. (Pereza e Monreal, 2013)

En canto á situación do galego en Galicia nos datos máis recentes do Mapa Sociolingüístico de Galicia, podemos observar que a maioría dos galegos opinan que “falar en galego” é un elemento identitario secundario para definir a identidade galega. Tamén opinan que en Galicia é máis apropiado o uso dos dous idiomas (galego e castelán) en calquera ámbito. Por outra banda, obsérvanse opinións máis favorables en canto ao uso do galego no grupo de idade comprendido entre 15-20 anos pero hai unha tendencia maioritaria a sentirse máis a gusto falando en castelán que diminúe a medida que aumenta a idade (González, M *et al.*, 2004 a).



Fonte: páxina web O Carrabouxo<sup>1</sup>

### Actitudes lingüísticas

O estudo das actitudes lingüísticas, iniciase na Psicoloxía pero resulta de especial relevancia para todas as ciencias sociais que fagan referencia ao comportamento das persoas tanto de maneira individual coma tendo en conta toda a sociedade.

“A actitude defínese como unha tendencia psicolóxica que se expresa como a avaliación dunha entidade particular con algún grao de aprobación ou desaprobación” (Eagly e Chaiken, 1993).

---

<sup>1</sup> Disponible en: <http://carrabouxo.es/>



Outro modo de definir as actitudes pode ser como conxuntos de crenzas máis ou menos estables cara a calquera aspecto da vida cotiá, neste caso a lingua. A súa natureza pode ser arbitraria e a súa funcionalidade como sostén Almeida (1995) está determinada por un conxunto de regras relacionadas cos valores culturais ou ideolóxicos imperantes na comunidade. As actitudes, son unha activación dos mecanismos simbólicos potenciais en todas as linguas.

As actitudes non son algo que veña dado nos individuos, ao igual que as ideoloxías ou os valores, adquirense a través do proceso de socialización, coma outros moitos elementos que forman parte da cultura na que o individuo se desenvolve.

“A actitude sociolingüística é unha manifestación da actitude social dos individuos, distinguida por centrarse e referirse especialmente tanto á lingua como ao uso que a sociedade fai dela” (Moreno, 2005:177).

Desta maneira o estudo das actitudes cara á lingua é importante sobre todo naqueles lugares nos que hai dúas linguas que se manteñen en contacto, debido a que as valoracións sociais sobre unha determinada lingua e, por conseguinte, os seus falantes, sinalan un status, valor e importancia. Ademais, estas valoracións teñen repercusións negativas que poden influír no uso da lingua e por tanto na súa pervivenza (González, M., *et al.*, 2004a)

Existe un alto grao de relación entre a connotación social que se lle atribúe a unha lingua como pode ser “ruralidade” e as valoracións que se fan dos seus falantes baseadas nesas connotacións. As actitudes desempeñan un papel importante que condiciona determinados comportamentos respecto aos falantes de linguas que aparecen en contacto.

Cando aparece unha situación na cal dúas linguas aparecen en contacto, é dicir, naquelas comunidades nas que se fala máis dunha lingua, non sempre se desenvolve un equilibrio entre elas. Isto moitas veces provoca unha separación e dá lugar a que se xeren conflitos lingüísticos e valoracións negativas sobre as linguas. Como sostén Almeida (1995), reproducése a situación de asimetría socio-cultural entre os grupos afectados.

“Unha actitude favorable pode facer que predomine o uso dunha lingua en detrimento de outra e unha actitude negativa pode levar ao abandono dunha lingua” (Moreno, 2005:177).

Naqueles países democráticos con varias “nacionalidades” desenvólvense identidades duais que poden xerar conflito acerca de con cal das dúas comunidades a xente se identifica máis (Humblebæk e Ruiz, 2018).

Cando España adoptou un sistema democrático e unha estrutura territorial autonómica conformou un país multilingüe pero tamén multinacional. Este proceso de federalización puido provocar un reforzamento das identidades das diferentes comunidades. Pero este fenómeno non xurdiu en todas as comunidades por igual destacando aquelas que teñen unha lingua propia (Coller e Castelló, 1999). O contacto entre linguas forma parte dun proceso máis complexo que é o contacto entre culturas.

Resulta de especial interese a investigación do uso da lingua debido á existencia de comunidades que teñen linguas propias nas cales se desenvolven sentimentos identitarios propios que os impulsan a diferenciarse doutras comunidades. Galicia é unha destas comunidades con máis dunha lingua, na cal non hai un equilibrio entre o uso do galego e do castelán.

En ocasións xorden situacións de asimetría social e lingüística derivadas de actitudes baseadas en termos de maior/menor status ou dominación/ subordinación. Nestas situacións os usos das linguas varían, as funcións sociais das linguas cambian. A lingua dominante que de máis status convértese máis adecuada para unhas funcións determinadas relacionadas ca esfera pública e asóciase a grupos de maior nivel económico ou mesmo cultural. Mentres a lingua subordinada queda relegada á esfera privada, ao uso doméstico e familiar ou a reunións informais as cales non teñen impacto suficiente para sobrevivir, aínda inflúen reforzando os lazos de identidade cultural ou de grupo. As actitudes actúan en casos coma este no proceso de selección das diferente linguas (Almeida, 1995).

Os papeis de dominación e subordinación que se lle atribúen as linguas están determinados por causas sociohistóricas e habitualmente están en relación coa posición cultural económica e social.

No caso do galego é unha situación diferente debido a que se tentou formalizar e normalizar o seu uso establecendo o galego como idioma oficial da administración e as institucións públicas, pero a pesar de todo, está sufrindo unha perda de falantes co paso do tempo. No último Mapa Sociolingüístico Galego reflíctese que o uso habitual do

galego diminuíu con respecto ao anterior mapa sociolingüístico e pola contra o uso habitual do castelán aumentou (González *et al.*, 2004 c).

A existencia de múltiples identidades e a relación fundamental entre lingua e cultura, así como a natureza funcional das linguas en tanto que instrumentos de comunicación entre individuos cuxo dereito a comunicarse, hai que respectar e defender. (Cid, 2010:128).

En canto ás actitudes cara ao galego no Mapa Sociolingüístico de Galicia conclúese que se asocia ou se vincula aos galegos calidades persoais como ser traballador, tradicional e en menor medida modesto; mentres que as calidades de moderno, intelixente e en menor medida ambicioso asócianse aos cidadáns do resto de España. (González, M. et al., 2004b)

#### Prexuizos lingüísticos

“Os prexuizos lingüísticos son unha subclase de prexuizos e poden ser definidos como os xuízos de valor emitidos sobre unha lingua ou sobre os falantes dela co propósito de provocar o seu rexeitamento“(González e Seonane, 2010:63)

Un dos prexuizos que se asocian normalmente ao galego é a ruralidade e esta á súa vez funciona como sinónimo de atraso, pobreza que levan a posicionar á lingua nunha situación de desprestixio fronte ao castelán o cal se asocia á modernidade e progreso das zonas urbanas que é onde maioritariamente se fala.

Encádrase nos vellos prexuizos que asocian o galego coa pobreza e o atraso, e ten a ver con aqueles que versan sobre a suposta falta de utilidade do galego: se unha lingua é vista como atrasada ou propia da xente con menos recursos, tamén será considerada como un idioma pouco útil (González e Seonane, 2010:73).

Pero na actualidade xorden novos prexuizos cara ao galego que se engaden aos xa mencionados. De lingua vinculada co mundo rural, coa pobreza e coa incultura pasamos ao mito da “imposición” do galego e ao da “utilidade” do castelán. Son prexuizos cunha orixe diversa e que que parte da sociedade acepta polo que a supresión destes prexuizos resulta difícil (Ramallo, 2009)

Todos estes prexuizos provocan unha situación de diglosia e conflito lingüístico ao diferenciar ambas linguas polo seu prestixio social. Unha lingua terá máis ou menos prestixio na medida en que o seu uso teña un valor funcional na estrutura social.

A ausencia de prestixio do galego contribuirá una diminución do número de falantes e outras consecuencias que repercutirán negativamente na identidade dos galegos e galegas. Como explica Iglesias (2002:28), “se asocia unha determinada lingua cun status socioeconómico concreto e, en consecuencia, considérase o cambio de lingua como un dos medios para modificar ese status”.

De tal maneira que o prestixio podería definirse como “o proceso de concesión de estima e respecto cara individuos ou grupos que reúnen certas características e que leva á imitación de conductas e crenzas desde individuos ou grupos” (Moreno, 2005:187)



Fonte: Colección de arte Abanca<sup>2</sup>

### Relación do galego e o castelán en Galicia

Hai algúns aspectos sociolingüísticos que definen a relación das linguas que se atopan en contacto que deben sinalarse antes de explicar a relación do galego e o castelán en Galicia. De maneira que podemos falar de bilingüismo e diglosia, principalmente.

#### Bilingüismo

“Desde o punto de vista individual o bilingüismo consiste na capacidade que pode ter unha persoa para expresarse e comunicarse coa mesma ou semellante capacidade en dúas linguas diferentes”. (Portas, 1993:28)

---

<sup>2</sup> Disponible en: <http://coleccion.abanca.com/es/index.html>

Desde o punto de vista social, “fálase dunha sociedade bilingüe cando a maioría os seus membros utilizan normalmente dúas linguas distintas como medio de comunicación”. (Siguán,1976:27)

Como sostén Siguán (1976) Para considerar a unha sociedade ou territorio como bilingües, non é preciso que as dúas linguas teñan exactamente a mesma difusión e o mesmo status, xa que isto raramente acontece.

Unha Galicia autenticamente bilingüe será na que o conxunto da poboación teña un dominio aceptable de ambas as linguas, que lle permita usalas fluída e comodamente na fala e na escrita, e tanto no uso profesionais e formais coma no privado e informais.(Monteagudo, 2009:29)

O bilingüismo é a consecuencia derivada de procesos históricos e sociais que provocan que falantes de distintas linguas diferentes compartan un mesmo territorio.

#### Diglosia

En relación co bilingüismo xorde o concepto de diglosia:

unha situación lingüística relativamente estable na que, xunto aos nativos xeolectos da lingua [...], existe unha variedade superposta moi diverxente, altamente codificada [...], vehículo dun amplo e respectado corpo de literatura escrita [...], a cal se aprende amplamente na educación formal e utilízase para a maior parte dos usos escritos e no falar formal, pero que non se emprega por ningún sector da comunidade na conversación ordinaria. (Ferguson, 1959: 336)

Máis adiante o sociolingüista Fishman xeneraliza o concepto de diglosia de Ferguson sinalando que diglosia é calquera situación na que existe unha lingua ou sociolecto alto (A) utilizado na comunicación máis culta ou formal, e outra lingua ou sociolecto (B), empregado en situación non formais ou no ámbito familiar. Neste contexto entendese sociolecto como “forma de falar propia das persoas que pertencen a un mesmo grupo sociocultural”(Gimeno, 1984)

A situación de diglosia supón a existencia dunhas normas sociais de alcance xeral que son as que regulan os ámbitos de uso de cada lingua. Na medida en que estas normas son aceptadas pola práctica totalidade dos membros dunha comunidade, non hai conflito lingüístico (Rojo,1981:297).

O conflito lingüístico comeza cando unha comunidade, ou unha parte da mesma, vese oprimida e senten que as normas existentes son inadecuadas de forma que, as normas que ata o momento estaban aceptadas comezan a cuestionarse.

#### O galego e o castelán ao longo da historia

O galego (posteriormente galego-portugués) provén do latín vulgar que se falaba no antigo Reino da Gallaecia e no condado de Portugal. Cando a Gallaecia se divide e se forma o condado de Portugal, e posteriormente o Reino de Portugal comezan a denominar “portugués” á súa lingua, a pesar de que continuou sendo a mesma que a de Gallaecia. Non será ata a segunda metade do século XII, momento no se establece Lisboa como capital do Reino, cando a lingua comeza a diferenciarse do galego da Gallaecia debido ás influencias mozárabes do sur. Ao tempo que se formaba o reino de Portugal, o territorio da Gallaecia comezou a depender do Reino de Castela. Isto provocou unha perda da importancia do galego fronte ao castelán. (Freixeiro, 2002)

Despois dunha serie de acontecementos históricos e sociais como o auxe do castelán co reinado de Alfonso X. os falantes máis cultos, é dicir, “os señores”, foron desterrados de Galicia e no seu lugar foron colocados aristócratas castelanfalantes. (Pawlikowska, 2016)

A carencia dunha burguesía galega que falase galego provocou unha perda importante do galego escrito o que supón a supresión da “oficialidade do galego”.

O galego pasou a ser durante os séculos escuros XVI e XVII unha lingua que se utilizaba soamente na esfera familiar e de maneira informal e, durante os chamados “Séculos Escuros”, practicamente non se e non existiu literatura escrita. O castelán utilizábase na esfera de poder mentres que o galego era a lingua dos subordinados o que da lugar a unha situación de diglosia onde o castelán é a lingua dominante (Freixeiro, 2002).

No século XIX aparece una corrente de pensamento que defende a singularidade de Galicia. Co Rexionalismo o factor lingüístico vai adquirir un papel fundamental como elemento identitario e de singularidade cultural. A reivindicación da lingua vólvese protagonista desde século, buscando unha dignificación do galego.

“As reclamacións de tipo político e económico tenderon a asociarse cada vez máis estreitamente con reivindicacións lingüístico-culturais, que culminan coas Irmandades da Fala e co Partido Galeguista”(Monteagudo, 2017:298).

Ao tempo o galego volve á literatura, isto é o chamado Rexurdimento, máis non rexurdiu de igual modo o galego nos usos sociais, e a situación de diglosia non desapareceu xa que o castelán seguía sendo a única lingua oficial.

Na última etapa do século XIX xorde a primeira gramática do galego, a Real Academia Galega xorde en 1906 e os primeiros dicionarios, mentres que a primeira gramática do castelán apareceu no 1492. O castelán estaba cada vez máis presente nas cidades pero a maioría a poboación habitaba en núcleos rurais onde se falaba galego. A pesar disto, non se pode falar de bilingüismo porque a maioría da sociedade era monolingüe nunha lingua ou noutra. A situación segue sendo diglósica debido aos diferentes usos e funcións de ambas linguas. (castelán para usos formais e galego para usos informais) e ao desprezo do galego polas clases burguesas. (Portas, 1993)

No século XX nace o nacionalismo galego que conseguirá o recoñecemento oficial da lingua na constitución durante a II República en 1932. Nos primeiros anos do século o galego avanza nos usos culturais literarios e científicos mentres que o castelán está presente sobre todo nos núcleos urbanos, no ensino e nos medios de comunicación. Durante a ditadura parálzase todos os intentos de normalización do galego e medra o desprestixio da lingua difundido polo franquismo.

En 1980 o Estatuto de Autonomía reconece o galego como a lingua oficial xunto co castelán, tres anos máis tarde entra en vigor a lei de normalización lingüística. A pesares desa lei, a situación das linguas aínda era de diglosia entre o galego e o castelán. Na actualidade poderíase falar de bilingüismo pero este non é equilibrado senón un bilingüismo dominante en castelán. Dende fai varios anos obsérvase unha perda de galegofalantes e aumento de bilingües. (Pawlikowska, 2016)

#### Impacto da globalización na cultura e no uso da lingua galega

Nos últimos tempos estiveron desenvolvéndose dous fenómenos de maneira simultánea en todo o mundo. Estes dous procesos están moi relacionados entre si, son a globalización e a reafirmación de diferentes identidades culturais. A globalización trae consigo unha “homoxeneización cultural” a cal implica unha perda dos valores culturais locais, así como de identidades sociais (Castells, 2010)

Para algúns sectores sociais, o fenómeno da globalización cultural incide na denominada crise de identidade, xa que se adoptaron actitudes e condutas alleas, pola influencia da industria cultural (Arias, 2009).

A globalización tivo un profundo impacto non só no aspecto económico ou no intercambio de información, senón que tamén logrou que se produzan intercambios de valores, comportamentos, ideas e mesmo símbolos que se estenden por gran parte do mundo a través dos distintos medios. Como sostén o autor:

A globalización acentúa os procesos de cambio social, fenómeno mediante o cal os medios de comunicación masiva, tales como a televisión por cable, satélite, Internet e outros, xogan un importante papel no intercambio de información e fluxo de ideas, coñecementos, valores e, por conseguinte, a contorna cultural transfórmase aceleradamente. (Arias, 2009:8)

Este fenómeno da globalización provoca unha estandarización e homoxeneización cultural que pode provocar a desaparición das diferentes identidades culturais; por iso, en moitas ocasión, os individuos tentan reforzar as súas identidades para facer fronte a este proceso. E en moitas ocasións xorden movementos sociais que as defenden.

A singularidade cultural desafiou os intentos de estandarización que algúns buscan impoñer da man das novas redes tecnolóxicas e económicas. E cada vez son máis os actores sociais que recorren aos novos medios para poñer en rede manifestacións do multiculturalismo e da diversidade que enriquece a sociedade do século XX (López, 1999).

Por outra banda, é necesario integrarse na economía e modernidade global; a defensa da identidade non pode levar a rexeitar os procesos de globalización aínda que esta non debería provocar a perda de identidades.

A pesar de que hai un gran número de autores e investigadores, como os xa citados, que afirman que a globalización trae consigo unha homoxeneización cultural hai outros autores que non ven que as diferentes culturas poidan desaparecer. Como sostén Páramo (2004), “toda sociedade contén vastos grupos sociais que non poderían, aínda que quixesen, mimetizar a súa forma de vida coa mostrada polos medios masivos de comunicación. Toda cultura está conformada por numerosas subculturas”.



En definitiva, estamos ante un proceso de cambio social, transformacións económicas e políticas que inflúen en múltiples aspectos nas nosas vidas cotiás. As culturas son diversas e heteroxéneas do mesmo xeito que os seus individuos e as súas identidades por iso resulta de especial interese analizar o impacto da globalización.

## METODOLOXÍA

Para alcanzar o obxectivo proposto, nun principio, o tipo de investigación a desenvolver será explicativo. Considérase axeitado este tipo de investigación porque este estudio está orientado a responder polas causas dun determinado fenómeno social. Neste estudio o fenómeno social que se pretende explicar é a identidade da mocidade galega, con Galicia a través un elemento social fundamental como é a lingua.

A metodoloxía empregada variará en función dos obxectivos que se pretenden acadar. Do primeiro obxectivo xeral exposto derívanse dúas hipóteses. Para confirmar ou rexeitar a primeira desas hipóteses, a técnica metodolóxica empregada consistirá nunha análise de datos secundarios, a partir dos cales podemos obter información sobre a evolución xeral do uso do galego segundo a idade, o hábitat ou o nivel de estudos pero tamén información acerca da capacidade lingüística, actitudes lingüísticas cara ao galego. Os datos secundarios tomaranse de distintas fontes como o Mapa Sociolingüístico de Galicia ou o Instituto Galego de Estatística.

Para a segunda das hipóteses que se derivan deste mesmo obxectivo realizarase unha revisión teórica acerca da historia de Galicia e o galego que nos axudará a valorar os motivos que dan lugar á situación na que se atopa hoxe en día o galego na sociedade.

Para o segundo obxectivo xeral proposto e as hipóteses derivadas, preséntase una metodoloxía cualitativa, mediante a cal se recollerán as perspectivas dos participantes. Esta metodoloxía resulta adecuada debido a que os elementos que se pretenden analizar con este obxectivo son bastante subxectivos como actitudes, valoracións, significados sentimentais identitarios ou de pertenza... Este tipo de conceptos son máis complicados de obter con técnicas de investigación cuantitativas, xa que a información que se pode obter non se limita ás respostas pechadas dos individuos.

Máis concretamente, realizaranse entrevistas focalizadas a mozos con idades comprendidas entre os 20 e 25 anos, tanto mulleres coma homes de diferentes hábitats

galegos. Isto permitiranos facer comparacións e establecer diferenciacións entre as persoas que viven en zonas urbanas fronte aos mozos de zonas rurais.

Coas entrevistas focalizadas preténdese recoller información sobre como a mocidade interactúa a través da lingua, cales son as súas actitudes, comportamentos e representacións sociais da lingua así como a súa perspectiva da relación do galego e o castelán. Analizando de maneira individual as experiencias vividas de cada participante poderemos comprender as súas motivacións e valoracións cara á lingua.

### Obxectivos da investigación

A continuación preséntanse os **obxectivos xerais** que se pretenden alcanzar neste traballo. A pesar de que son dous obxectivos independentes atópanse relacionados entre si xa que as actitudes da sociedade cara as linguas determinan en gran medida a situación sociolingüística de dúas linguas que se atopan en contacto. Mediante este traballo preténdese captar a realidade social da mocidade galega e como esta xuventude se identifica con Galicia a través da súa lingua.

#### 1. **Comprender a situación sociolingüística do galego respecto do castelán en Galicia.**

Ao longo da historia, como se puido observar na revisión teórica, o galego e o castelán conviviron entre a sociedade nunha situación de desequilibrio en canto a usos e funcións das linguas. Con este obxectivo preténdese coñecer como ambas linguas están relacionadas desde unha perspectiva social, entre a poboación galega, prestando especial interese á mocidade.

#### 2. **Investigar o papel da lingua como elemento configurador da identidade social en mozos e mozas galegos así como as súas actitudes ante o galego.**

A lingua é un importante elemento da nosa sociedade que pode chegar a ser a clave da configuración identitaria dunha persoa, polo que intentarase investigar como a mocidade percibe a lingua neste sentido. E preténdese descubrir cales son as actitudes da mocidade cara a lingua galega independentemente da lingua que falen.

Ao longo do traballo para referirnos aos obxectivos dunha maneira máis sinxela e rápida ao primeiro denomináremolo “situación sociolingüística” e ao segundo “identidade e actitudes”.

#### Acotacións metodolóxicas

As seguintes acotacións ou delimitacións metodolóxicas permitíranos definir de maneira concreta os aspectos nos que se enmarca a metodoloxía deste traballo. Preséntanse catro tipos: espacial, poboacional, temporal e conceptual.

O **espazo** ao que o traballo fai referencia é Galicia. Esta é unha das comunidades autónomas na que están presentes dúas linguas entre a sociedade polo que resulta de especial interese analizar como se relaciona a sociedade coas diferentes linguas. Os datos que se van a analizar teñen en conta ás catro provincias e as persoas entrevistadas naceron e residen en diferentes espazos tanto rurais coma urbanos.

A **poboación** que se analiza é a mocidade de 20 a 25 anos tanto mulleres coma homes. Escóllese esta idade debido a importancia da mocidade para o futuro da lingua, xa que será a xuventude de hoxe a que determine o futuro de mañá.

En canto á delimitación **temporal** o traballo de campo, que é a realización das entrevistas focalizadas, levouse a cabo entre os meses de abril e maio deste ano 2019.

**En relación coas delimitacións conceptuais é necesario sinalar diferentes conceptos:**

En relación co primeiro obxectivo sinalado convén definir previamente a “situación sociolingüística”.

-Situación sociolingüística: Situación do galego en relación co castelán desde unha perspectiva social no territorio de Galicia. Analizando a situación sociolingüística poderase coñecer de que maneira o galego e o castelán conviven en contacto e as diferenciacións que existen entre ambas linguas en canto ao seu uso e status.

En relación co segundo obxectivo é necesario definir “identidade” e “actitude”

-Identidade: Autoposicionamento dun individuo con respecto á lingua. Fai referencia á decisión ou capacidade dun individuo de definirse dunha determinada maneira en función dunha lingua. Inclúe os significados que a lingua aporta a un individuo para a súa configuración social. Por exemplo unha persoa por falar galego pode sentirse máis galega que outra que non o fale.

-Actitude: É a forma na que unha persoa se comporta cara a unha lingua e ao seu grupo de falantes, en base a unha opinión ou forma de pensar determinada que está influenciada por diferentes factores sociais.

### Hipóteses

A continuación preséntanse as hipóteses do traballo que se derivan de cada un dos obxectivos xerais, para simplificar denominaranse “H1”, “H2” etc.

### **OBXECTIVO 1. Comprender a situación sociolingüística do galego respecto do castelán en Galicia.**

Deste primeiro obxectivo derívanse dúas hipóteses as que denominaremos H1 e H2

**H1.** Hai unha tendencia á diminución do uso do galego especialmente entre a mocidade o que se traduce nunha perda de galegofalantes. Existen prexuizos sociais negativos cara ao galego que condiciona o uso da lingua entre a mocidade galega. Entre a propia poboación galega, existe un imaxinario colectivo no que se asocia a lingua galega a ruralidade e inferioridade o que provoca una diminución do seu uso e problemas de aceptación.

**H2.** A posición social (status) da lingua en Galicia atópase nunha situación de estancamento, tras certa mellora ao logo dos 70 e 80 , incluso de retroceso nos últimos anos.

### **OBXECTIVO 2: Investigar o papel da lingua como elemento configurador da identidade social en mozos e mozas galegos así como as súas actitudes ante o galego.**

Deste segundo obxectivo xeral podemos presentar tres hipóteses sobre os prexuizos, a identidade e os efectos da globalización.

**H3.**Falar galego funciona só como elemento identificador negativo para certa poboación castelanfalante. Os prexuizos que hai cara ao galego tradúcense polo tanto en prexuizos cara os seus falantes o que da lugar a diferenciar o galego do castelán, sendo o galego o que está nunha situación máis desfavorable.

**H4.** Tamén, para parte mocidade urbana galegofalante, a lingua é un elemento configurador da súa identidade . O uso do galego entre a mocidade é un signo que representa identidade con Galicia. O galego e o castelán en Galicia conviven nunha situación diglósica na que a sociedade, e en especial a mocidade está tomando conciencia para acadar una situación de maior equilibrio.

**H5.** Globalización, e as redes sociais provocan que a xuventude estea máis afastada do uso do galego

### Contrastes

Neste apartado preséntanse as técnicas ou métodos que se se utilizarán para aceptar ou rexeitar as hipóteses expostas anteriormente

**H1:**Datos procedentes de fontes secundarias como o Instituto Galego de Estatística.

**H2:**Cronoloxía de eventos históricos sociais e lingüísticos desde os anos 70. A partir deses eventos, valoralos se son positivos ou negativos para situación sociolingüística

**H3:** Entrevistas a galegofalantes e castelanfalantes. Preguntarlles polas connotacións que ten para eles cada un dos grupos de falantes (galegofalantes e castelanfalantes).

**H4:** Entrevista a galegofalantes. Preguntarlles pola importancia que ten para eles falar a lingua galega.

**H5:**Entrevistas a galegofalantes e castelanfalantes. Preguntarlles pola lingua que utilizan habitualmente nas redes sociais como Instagram ou Facebook e en que lingua se atopan os contidos que consultan e seguen en ditas redes.

### Obxectivos específicos

Considéranse os seguintes obxectivos específicos, agrupados en torno a os respectivos obxectivos xerais.

#### **Obxectivo xeral “Situación sociolingüística”**

- Analizar a evolución do uso do galego entre a mocidade e a súa opinión sobre o futuro.
- Coñecer os acontecementos históricos que provocan a situación sociolingüística actual.

## Obxectivo xeral “Identidade e actitudes”

- Indagar sobre o “valor” que para os usuarios teñen as linguas, en xeral; é dicir, se a lingua é ou non importante para elas/es.
- Investigar a identidade con Galicia e a importancia da lingua neste proceso.
- Coñecer cales son os prexuízos que as persoas entrevistadas mostran cara ambos grupos de falantes e se pensan que existen prexuízos cara as linguas na sociedade en xeral.
- Analizar como as redes sociais e a globalización exercen influencia sobre as linguas habituais da mocidade galega.

<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Indicadores</b>
Evolución do galego e futuro da lingua	Preguntas sobre: -Percepción sobre o uso do galego -Uso do galego no futuro -Análise de datos secundarios
Historia sociolingüística	Revisión teórica de acontecementos desde a transición ata a actualidade
Valoración das linguas	Pregunta acerca da importancia e os significados que teñen as linguas
Identidade en relación coa lingua	Pregunta sobre: -Identificación con Galicia -Papel da lingua no sentimento de identidade con Galicia
Prexuízos e estereotipos	Preguntas sobre: -Prexuízos ou estereotipos cara ao galego e os seus falantes. -Prexuízos ou estereotipos cara o castelán e os seus falantes
A lingua nas redes sociais	-Lingua habitual nas redes sociais -Lingua do contido das redes sociais -Lingua como obstáculo para difundir información en internet.

### Técnicas e estratexias para resolver os contrastes

As técnicas que utilizaremos para resolver os contrastes e alcanzar os diferentes obxectivos presentados son as seguintes.

Para o primeiro obxectivo xeral (o referido á situación sociolingüística) e para as súas hipóteses derivadas utilizaranse, por un lado os datos secundarios procedentes do Instituto Galego de Estatística principalmente, xa que conta cos datos máis actualizados posibles, e polo outro lado realizarase una revisión histórica dos acontecementos desde aproximadamente os anos 70 o cal nos permitirá valorar ditos sucesos e confirmar ou rexeitar a segunda das hipóteses.

### Datos procedentes de fontes secundarias

A primeira destas hipóteses analizarase a través de datos secundarios recollidos de diferentes fontes, principalmente o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Mapa Sociolingüístico Galego (MSG).

O IGE obtén os seus datos a través da “Enquisa estrutural a fogares”. Esta é unha actividade estatística anual dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Consta de dúas partes: unha primeira de carácter xeral que se repite todos os anos e unha segunda de carácter específico. Un dos módulos específicos está dedicado ao coñecemento e uso da lingua galega. Onde se analiza o grao de coñecemento do idioma galego nas súas distintas formas e o seu uso en distintos ámbitos sociais. Este módulo estivo presente en 2003, 2008 e por último 2013.

Os resultados desta última edición da “Enquisa estrutural a fogares” son os últimos datos existentes e permiten facer unha comparación desde os inicios deste século.

O MSG de 1992 é o estudo de sociolingüística de maior importancia en Galicia, destaca polo tamaño da mostra que foi de 38.897 persoas é foi elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Posteriormente realizouse un novo MSG (o de 2004) que conta con un tamaño da mostra máis reducido, centrándose soamente en persoas de 14 a 54 anos. Malia que os datos de ambas fontes, o IGE e o MSG non son comparables poden axudarnos a coñecer as tendencias nos usos da lingua a través do tempo.

### Entrevistas focalizadas

Para alcanzar o segundo obxectivo exposto e confirmar ou rexeitar as hipóteses derivadas de tal obxectivo realizaranse una serie de entrevistas focalizadas a varias persoas tanto homes coma mulleres con idades comprendidas entre os 20 e os 25 que habitan en Galicia pero que contan con diferentes linguas habituais.

Entrevista focalizada consiste nun estilo de entrevista cualitativa dirixido á obtención de fontes cognitivas e emocionais das reaccións dos entrevistados ante un suceso.

Como sostén Vallés (2002) diferénciase de outros tipos de entrevista de investigación por catro razóns:

En primeiro lugar os entrevistados deben estar expostos a unha situación concreta, no caso deste traballo a situación á que están expostos é a súa experiencia vital nun territorio onde hai dúas linguas en contacto.

En segundo lugar os investigadores estudaron previamente esa situación establecendo unhas hipóteses sobre o significado e os efectos de determinados aspectos da situación. Neste traballo elaborouse un marco teórico que serviron de estudo previo para coñecer a situación en profundidade e para elaborar as hipóteses que se presentan a continuación en función dos obxectivos que se pretenden acadar con este estudo.

En terceiro lugar elabórase un guión de entrevista estruturado a partir das hipóteses expostas. Por último este tipo de entrevistas céntrase nas experiencias subxectivas das persoas participantes, coa intención de determinar as súas definicións da situación e contrastar as hipóteses (Valles, 2002)

Para que a entrevista sexa produtiva ten que centrarse en 4 criterios. Non dirección (tratar que as respostas sexan espontáneas) especificidade (animar ao entrevistado a dar respostas concretas), amplitude (indagar na gama de evocacións experimentadas polo suxeito), profundidade e contexto persoal (a entrevista debe sacar as implicacións afectivas e con carga valorativa das respostas dos suxeitos) (Valles, 2002:21).

Seguidamente preséntase un cadro coa información e as características básicas dos entrevistados. O proceso de selección dos entrevistados realizouse a través de coñecidos, mediante un proceso de bola de neve. Neste cadro aparece información sobre a lingua habitual de cada entrevistado, o perfil lingüístico, o sexo, a idade e o seu hábitat.



A lingua habitual fai referencia á lingua que utilizan habitualmente na súa vida cotiá, pode ser o galego o castelán ou ambas.

En canto ao perfil lingüístico aparecen novas especificacións que describen con máis precisión a lingua que utilizan os entrevistados. Dentro das persoas que falan habitualmente galego podemos diferenciar entre as persoas entrevistadas que tiveron como lingua inicial o galego e o seguiron utilizando ata a actualidade e os neofalantes. Estes últimos son aqueles entrevistados que falaban castelán e que por algún motivo nun momento concreto da súa vida decidiron comezar a falar galego de maneira habitual en todos os seus ámbitos.

En canto ás persoas entrevistadas que falan ambas linguas podemos distinguir dous grupos en función de que lingua utilizan máis a pesares de que consideran que falan ambas linguas. Desta maneira podemos sinalar as persoas bilingües con predominancia en galego que serían aquelas que consideran que falan ambas linguas habitualmente pero máis o galego, e o entrevistado bilingüe con predominancia en castelán que, de igual modo, habitualmente fala ambas linguas pero máis o castelán.

#### **CADRO TIPOLÓXICO DAS PERSOAS ENTREVISTADAS**

<b>Lingua habitual</b>	<b>Perfil lingüístico</b>	<b>Sexo</b>	<b>Idade</b>	<b>Hábitat</b>	<b>Entrevistado/a</b>
Galego	Galegofalantes: Neofalantes	Home	23	Urbano	E1
		Home	20	Urbano	E2
	Galegofalantes: Lingua inicial galego	Muller	23	Rural	E3
		Muller	22	Rural	E4
Castelán	Castelanfalantes	Muller	20	Urbano	E5
		Home	22	Urbano	E6
		Home	23	Urbano	E7
Ambas linguas	Bilingües con predominancia en galego	Muller	23	Rural	E8
		Home	25	Rural	E9
	Bilingüe con predominancia do castelán	Home	22	Urbano	E10


## ANÁLISE DE RESULTADOS

Neste apartado elaborárase a análise dos resultados obtidos a través das diferentes técnicas anteriormente mencionadas o que nos permitirá obter a información para alcanzar os obxectivos presentes no traballo.

### OBXECTIVO 1: Situación sociolingüística a través de datos secundarios

O primeiro obxectivo que se pretende acadar é “comprender a situación sociolingüística do galego respecto do castelán en Galicia”. Deste obxectivo deriváanse dúas hipóteses, a primeira verificarase ou rexeitarase a partir do análise de datos secundarios. Dito análise presentase a continuación a través de diferentes gráficos que clarifican a información.

**Gráfico 1 Evolución da lingua habitual segundo a idade**




Fonte: MSG-04

En xeral pode observarse unha tendencia a usar menos o galego no 2004 que no 1992 en tódolos tramos de idade. A tendencia xeral é que o uso do galego diminúe a medida que descende a idade polo que o uso do galgo concéntrase nas persoas máis maiores.

Neste traballo prestamos especial interese na mocidade, e observando este gráfico podemos ver como no grupo de idade máis novo, de 16 a 24 anos, o uso do galego non segue esta tendencia a diminuír a medida que descende a idade, no 2004. Pódese ver un estancamento que supón un freo da caída do uso do galego. Veremos o que acontece nos próximos anos.

**Gráfico 2**



Fonte: elaboración a partir do IGE.


O gráfico 2 mostra unha clara diminución do número de persoas de 15 a 29<sup>3</sup> anos que falan habitualmente galego entre 2003 e 2013, tanto os que falan en galego sempre como os que falan máis galego que castelán. Para o primeiro caso a diminución foi dun 52% e para o segundo caso foi de 33% aínda que cabe sinalar un aumento entre 2003 e 2008. Pódese afirmar que hai un descenso do número de galegofalantes.

Con respecto ao número de persoas con castelán de lingua habitual aumentou con respecto a 2008 pero diminuíu un 10% con respecto a 2003; as persoas que falan máis castelán que galego tamén diminuíron ao longo dos anos un 29%. O feito de que se reducise o número de persoas en todas as categorías en xeral pode deberse a que o número de persoas entre 15 e 29 anos diminúe debido á natalidade que segue esta tendencia.

A situación nos dez anos transcorridos entre 2003 e 2013 mudou totalmente. Mentres que no 2003 a maioría falaban máis castelán que galego ou sempre galego, no 2013 a maioría falan sempre castelán ou máis castelán que galego. A perda do galego como lingua maioritaria entre as xeracións máis novas tradúcese nunha diminución clara de galegofalantes e do número de bilingües, tanto con predomino en galego como con predominio en castelán.

<sup>3</sup> A franxa de idade que se presenta é 15-29 anos porque é a máis adecuada das que ofrece o IGE para facer referencia á mocidade.

**Gráfico 3**




Fonte: elaboración a partir do IGE

Observando os datos referidos á lingua na que se desenvolve mellor a mocidade de 15 a 29 anos o máis significativo e a diminución das que se desenvolven mellor en galego. Entre 2008 e 2013 dita diminución foi dun 33%. Unha vez máis isto mostra a perda de mocidade galegofalante.

As persoas que se desenvolven mellor en castelán ou nas dúas igual tamén se reduciron pero en menor medida, sendo o castelán o que menos, cunha diminución do 3%.

A nivel xeral é máis numerosa a mocidade que se desenvolve mellor en castelán ou nas dúas igual que as que se desenvolven en galego tanto no 2008 coma no 2013.

**Gráfico 4**




Fonte: elaboración a partir do IGE

No período 2003-2013 as persoas de 5 a 29<sup>4</sup> anos que aprenderon a falar en galego e castelán redúcense mentres que as persoas que aprenderon a falar nas dúas ou están en outras situacións aumentaron no período analizado. Máis cabe sinalar que, mentres que o galego diminuíu nun 46% o castelán aumentou un 3% entre 2008 e 2013.

Con respecto ás persoas que aprenderon a falar nas dúas linguas, obsérvase unha diminución do 14% entre 2008 e 2013, a pesares do aumento dun 6% dende 2003. Este pequeno aumento da categoría bilingüe non é o suficientemente elevado como para falar dun avance do bilingüismo.

O maior aumento aparece nas persoas que aprenderon a falar noutras situacións que aumentou máis do dobre no período analizado, isto pode deberse á chegada de poboación inmigrante que aprendeu a falar en linguas estranxeiras.

**Gráfico 5**



Fonte: elaboración a partir do IGE


Analizando a lingua habitual por provincias podemos observar que naquelas que se atopan na parte occidental destaca o castelán como lingua habitual entre a mocidade. Na provincia da Coruña a pesar de que a lingua habitual maioritaria é “en castelán sempre”, é preciso sinalar a presenza da categoría “en galego sempre” como lingua habitual (35633 persoas). Isto non acontece en Pontevedra onde as categorías máis elevadas son tanto “en castelán sempre” como “máis castelán que galego”.

<sup>4</sup> A franxa de idade cambia en función de como aparecen agrupadas as franxas de idade no IGE.

A provincia de Lugo é a única na que o galego destaca como lingua habitual pero non con moita diferenza e tamén é a única na que o castelán como lingua habitual é a categoría máis baixa. Tamén destaca o bilingüismo con predominio en castelán. Esta categoría é a máis elevada na provincia de Ourense seguida dos monolingües en castelán (10904) e dos monolingües en galego (10899).

As provincias máis poboadas que contan con un maior número de persoas novas teñen como lingua habitual o castelán mentres que nas provincias máis rurais non se aprecia unha diferenza tan clara. Nestas provincias a presenza do galego como lingua habitual está moi equilibrada co castelán ou é levemente superior. Pódese concluír que o galego como lingua habitual entre a mocidade non está diminuíndo só nas grandes provincias, senón que cada vez é menos habitual entre os mozos e mozas de Lugo e Ourense.

**Gráfico 6**




Fonte elaboración a partir do IGE

O gráfico de sectores do gráfico 6 mostra a percepción do uso do galego na actualidade no 2013<sup>5</sup>. O sector máis grande 38% opina que o galego fálase pouco ou nada e soamente un 6% pensa que se fala moito.

Con respecto fai 5 anos desde o 2013 a maior parte dos mozos e mozas pensaba que o galego falábase igual, pero cabe destacar que máis dun terzo pensaba que se falaba menos como se pode ver no gráfico 7. Con respecto ao futuro desde o 2013 a porcentaxe de persoas que pensan que se vai falar máis redúcese a un 20% mentres que a maioría (42%) pensa que se falará máis como aparece no gráfico 8.


<sup>5</sup> Os datos dispoñibles máis recentes sobre o uso do galego na enquisa estrutural de fogares do IGE pertencen ao ano 2013.

**Gráfico 7**



Fonte elaboración a partir do IGE

**Gráfico 8**



Fonte elaboración a partir do IGE

#### OBXECTIVO 1: Situación sociolingüística a través de revisión de acontecementos históricos.

Deste primeiro obxectivo deriváanse dúas hipóteses a primeira hipótese intentouse falsar no apartado anterior e neste apartado intentarase confirmar ou rexeitar a segunda desas hipóteses que fai referencia á posición social da lingua ao longo dos anos. Para iso realizárase unha revisión histórica dos principais acontecementos que históricos en relación coa lingua dende o final da ditadura franquista.

A ditadura franquista fixo socialmente invisible á lingua galega, supuxo un avance e consolidación da substitución do galego polo castelán. Durante este período ten lugar o boom demográfico, a industrialización e terciarización económica, o que acelera o proceso de diminución do uso e das funcións sociais da lingua galega (Lorenzo, 2009)

Xa nos anos 60, distintas organizacións políticas, sindicais e cidadás xurdidas na fin do franquismo, principalmente vinculadas co nacionalismo cultural e político, fixeron do proxecto ‘normalizador’ do idioma galego un obxectivo socio-político prioritario.[...] Tratábase dun proceso social e político que tiña como obxectivo a procura dunha recuperación integral da lingua: da súa forma lingüística, dos seus usos sociais e do seu status legal, para facer da lingua propia a variedade lingüística ‘nacional’(Lorenzo 2009:24)

Durante esta década destacan o Partido Comunista, que en 1968 creará unha organización autónoma para Galicia, e as dúas tendencias da esquerda nacionalista, o Partido Socialista Galego (1963) e a Unión do Pobo Galego (1964). Na década seguinte o nacionalismo político e sindical converterase no dinamizador da normalización do uso do galego (Fernández 1997).

A transición política en España estivo acompañada tamén dunha transición lingüística, da prohibición do uso das linguas que non fosen o castelán pasouse ao seu recoñecemento legal na Constitución de 1978 (Lorenzo, 2009).

A Constitución recoñece como linguas oficiais non só a española, senón tamén tódalas demais nas súas respectivas Comunidades Autónomas (art. 3), o que supón unha nova época para as linguas minorizadas de España. Este apoio legal complementarase cos Estatutos de Autonomía (1981) e as Leis de Normalización Lingüística (a primeira en 1983) (Iglesias, 1999)

Esta Lei de Normalización Lingüística constitúe o primeiro texto legal que inclúe unha regulación completa para a planificación para a promoción do uso do galego como lingua oficial en ámbitos onde, por circunstancias políticas concretas non se permitía, como nas administracións, no sistema educativo e nos medios de comunicacións (Losada, 2012).

En 1995, o galego convértese en lingua oficial na educación e pasa a ser una materia obrigatoria en todos os niveis educativos o que supuxo a inversión de moitos recursos.

A aposta era o bilingüismo harmónico, protexido por dous preceptos: os estudantes teñen dereito á primeira educación na súa lingua materna (aprendizaxe da lingua oficial de Galicia ao mesmo tempo) e prohíbese calquera separación dos estudantes en aulas e escolas por idiomas (Losada, 2012:270).

A pesares de que había unha gran parte da poboación que apoiaba estas medidas, non toda a cidadanía tiñas as mesmas actitudes cara á lingua, non estaba igualmente valorada, pero sen dúbida, todas estas medidas supuxeron un gran avance para a promoción e uso do galego.



“Dende o inicio deste proceso de normalización, hai unha incorporación cada vez maior e constante dos mozos de clase media urbana, con altos niveis de educación, que prefiren e valoran o uso do galego”(Losada, 2012:273)

Os traballos sociolingüísticos levados a cabo durante os anos noventa mostran unha redución das actitudes negativas cara ao galego polo que pódese afirmar que as medidas implantadas contribuíron a favorecer o galego.

Durante os primeiros anos do século comezáronse a percibir as deficiencias e limitacións que tiñan as accións e prácticas de planificación lingüística. Estas circunstancias levaron a que en 2004 se aprobase por unanimidade o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, con máis de 400 medidas para impulsar a lingua. (Lorenzo, 2009).

En 2005 comeza a gobernar o Bipartito na Xunta de Galicia formado polo Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego que cambian a perspectiva coa que afrontar o problema da lingua. O que leva a que en 2007 se apróbase un decreto que inclúe una “nova definición do problema plasma xuridicamente esa nova definición do problema como un proceso de normalización lingüística, non como un proceso de “harmonía” de igualdade entre dúas linguas iguais”(Losada,2012). Este decreto establece uns obxectivos en relación co Plan de 2004 e regulaba o uso do galego no sistema educativo.

Neste decreto, establecíase que na educación primaria e na secundaria, nos bacharelatos e nos ciclos formativos se garante que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Creáronse as Galescolas e promocionouse a música e a cultura galegas mediante a creación de Premios de Cultura, entre outras medidas (Fernández, 2016)

Pódense sinalar varios opositores a esta nova perspectiva, uns que consideran a política lingüística insuficiente e outros máis novidosos como Galicia Bilingüe:

Tamén no 2007 constitúese a asociación Galicia Bilingüe, que adoptou lemas como a denuncia da ‘imposición’ do galego e a defensa da ‘liberdade de lingua’. convertendo a crítica ao devandito decreto no eixo da súa actividade nos meses por vir. (Monteagudo, 2012a)

Esta organización, cuxa presidenta é Gloria Lago (filóloga viguesa), defínese, segundo a súa páxina web<sup>6</sup> como:

Una asociación sin ánimo de lucro, apartidista e independente, cuyo fin primordial es lograr para los ciudadanos de Galicia los mismos derechos lingüísticos que disfrutaban los ciudadanos de las democracias con más de una lengua oficial, es decir: elección de lengua vehicular en la enseñanza, bilingüismo en la Administración pública, que no se prime el conocimiento de una determinada lengua a la competencia profesional y, poner fin al adoctrinamiento nacionalista en la enseñanza.

En 2008 preséntase no Ateneo de Madrid o Manifiesto por la lengua común, onde se defende a supremacía do castelán e que se traduce nunha crecente presión sobre as linguas periféricas e a súa normalización. Este manifesto estaba apoiado por intelectuais, empresas e políticos de Unión Progreso y Democracia e do Partido Popular (Bouza, 2012).

Medraba a polémica polo galego e en 2009 Galicia Bilingüe realiza unha manifestación en Santiago de Compostela a favor dos principios xa nomeados, á que acudiron numerosos políticos do Partido Popular . Ao tempo as premisas desta organización foron asumidas polo discurso do PP de Galicia incluíndoas no seu programa electoral de 2009. (Monteagudo, 2012a)

A vitoria do PP nas eleccións permitíronlle eliminar a proba da lingua galega para acceder a un posto de traballo na administración e reduciuse a presenza do galego no ensino eliminándoo das materias científicas (Fernández, 2016)

En maio de 2010 aprobouse un novo Decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que trouxo consigo una reacción negativa por parte de numerosas organizacións e asociacións en prol da lingua.

En 2017 xorde unha nova organización que preside tamén Gloria Lago, “Hablamos Español” que é unha asociación similar a Galicia Bilingüe pero a nivel de España e que avoga polo ensino en español.

---

<sup>6</sup> <http://galiciabilingue.es/gb/>

## OBXECTIVO 2: Identidade e actitudes cara á lingua a través de entrevistas focalizadas

Para alcanzar este segundo obxectivo que trata sobre **“o papel da lingua como elemento configurador da identidade social en mozos galegos e as súas actitudes cara á lingua”** a técnica de investigación que se utilizará será a realización de entrevistas focalizadas.

A través das entrevistas focalizadas intentarase confirmar ou rexeitar tres hipóteses derivadas do segundo obxectivo. A primeira delas consiste en que “Falar galego funciona só como elemento identificador negativo para certa poboación castelanfalante. Os prexuízos que hai cara ao galego tradúcense polo tanto en prexuízos cara os seus falantes”

A través das actitudes, opinións e valoracións que mostran os falantes de castelán cara ao galego poderemos obter información que nos permita alcanzar o segundo obxectivo: e confirmar ou rexeitar a súa primeira hipótese derivada.

### Actitudes e prexuízos dos castelanfalantes cara a ambos grupos de falantes

Ao preguntarles aos castelanfalantes sobre a súa opinión sobre as persoas que falan galego, as súas respostas mostran actitudes neutras ou positivas cara á lingua galega. De feito, dous dos tres entrevistados castelanfalantes realizaron a entrevista en galego porque a pesares de non falalo habitualmente sosteñen que non teñen ningún problema en utilizarlo. Iso xa son pequenos indicios de una actitude favorable cara a lingua.

“Opino o mesmo das persoas que falan galego que das que falan castelán, quero dicir, por que falen galego non significa nada máis alá do feito de que falan galego, xeralmente. Son persoas que deciden falar unha lingua xa sexa pola súa costume ou a familia ou o que sea, pero nada máis”.(E7)

Por outra parte cabe sinalar que os castelanfalantes entrevistados non teñen un especial interese pola lingua, é simplemente un medio para comunicarse cos demais, non ten valor máis aló da súa función comunicativa. Esta indiferenza ou pasividade pode agochar una actitude negativa pero en ningún caso, durante as entrevistas, esta mostra foi explícita.

Noutros entrevistados castelanfalantes pódese apreciar una clara actitude positiva cara aos galegofalantes onde non hai indiferenza. Por exemplo o seguinte entrevistado galegofalante describiría así aos galegofalantes:

“Valientes ou tirados pa diante non sei.[...] Xente que fala galego dende a súa infancia paréceme bastante meritorio, xa que estás contra vento e marea por que non atopas...bueno se estas nunha vila [...]si, porque hai outros rapaces da túa idade que poden falar galego. [...] As persoas galegofalantes que viven nestas cidades e que loitan case “día a día” por falar a lingua que queren a min paréceme que ten moitísimo mérito”(E6)

As persoas castelanfalantes entrevistadas comparten unha característica que é que pertencen a ambientes urbanos, xa que naceron e viven en cidades galegas. O feito de vivir nas cidades provoca un afastamento do galego xa que nas cidades utilízase en menor medida. Isto podería dar lugar a que os entrevistados de hábitats urbanos desenvolvesen prexuízos ou actitudes negativas cara ao galego, mais non é así. Cómpre destacar a favorable actitude destes entrevistados que case mostran admiración aos galegofalantes.

“Yo creo que, como yo lo veo, la lengua está asociada a ideología pues si una persona me habla gallego pues es como que me da más como esa sensación de libertad. Como que tiene más respeto por los pensamientos, o sea por las ideas de otras personas, que una persona que me habla castellano” (E5)

Por outra banda cando os entrevistados castelanfalantes intentan describir as persoas que falan castelán non lles atribúen de primeiras estereotipos ou prexuízos escudándose en que cada un pode falar a lingua que queira, ou que a maioría das persoas que falan castelán non é porque reneguen do galego. Pódese apreciar como unha actitude de modo defensivo xa que eles non falan galego pero “non é algo malo”.

“Yo creo que la gente de aquí que habla castellano, bueno sí que es cierto que hay gente que no le gusta y que tiene pensamientos negativos sobre el gallego, pero yo creo que a la mayoría de la gente que habla castellano le pasa un poco como yo, que le falta costumbre y por eso no lo hablan no porque odien el gallego” (E5)

#### *Actitudes e prexuízos dos galegofalantes cara a ambos tipos de falantes.*

Podemos atopar una certa similitude entre a opinión dos castelanfalantes e dos galegofalantes con respecto ao galego e as persoas que o falan. Pode apreciarse una boa actitude aínda que non é tan sorprendente ao tratarse do seu grupo de falantes.

“Pois creo que son persoas que teñen os ideais máis marcados e que loitan por eles porque hoxe en día hai unha gran imposición por parte da sociedade de falar máis castelán de apostar polo castelán e seguir loitando polo galego a pesar de que non se fale tanto pois denota personalidade” (E3)

Observando as respostas dos neofalantes non se atopan grandes diferenzas. Un dos entrevistados describe aos galegofalantes como máis abertos e “ceranos”, o outro como persoas que senten algo de cariño pola súa terra. Como cabería esperar as actitudes son positivas.

No caso dos entrevistados que falan ambas linguas con predominancia en galego, podemos atopar eses prexuízos tradicionais cara ao galego, xa que asóciano ao rural e ás persoas maiores. Neste caso concreto esta actitude cara ao galego pode ser un dos motivos que leven a esta persoa a falar ambas linguas.

“Eu penso que as persoas que agora falan galego son as persoas maiores e a xente do rural a que fala galego , si que hai xente xovén que fala galego pero maioritariamente é xente que vén do rural, moi pouca xente coñezo nas cidades que falen galego desde pequenos”(E8)

En canto as actitudes que os galegofalantes presentan cara aos castelanfalantes reiteran a necesidade de que en Galicia é necesario falar galego, que a xente que non o fala é porque perdeu cariño pola terra. So no caso dunha entrevistada púidose atopar un dos clásicos estereotipos cara ao castelán.

“As persoas que falan castelán son maioritariamente das cidades e as veces penso que hai como un perfil económico. [...] A xente que ten traballos máis importantes fala castelán” (E8)

Despois de analizar as opinións dos entrevistados cara aos galegofalantes e castelanfalantes podemos concluír que as actitudes cara ao galego son favorables por ambos grupos de falantes, en especial para os castelanfalantes.

### Prexuízos e estereotipos

A gran maioría dos entrevistados, independentemente da súa lingua habitual, afirman que si que existen prexuízos cara ao galego e os seus falantes pero tamén para o castelán e os seus falantes. A partir das respostas obtidas pódese establecer unha serie

de prexuízos para ambos grupos de falantes. Tanto se a lingua principal dos entrevistados é o castelán, o galego ou ambas, os prexuízos que sinalan que existen para cada grupo de falantes son similares por non dicir iguais.

“Pois eu sempre son tachado de, o de máis de pueblo polo grupo de amigos de Vigo i é precisamente porque falo galego porque non é que eu teña ningunha actitude de máis de pueblo que ningún dos de alí. Pero si, penso que hai esa actitude de que somos máis brutos e quizais non nos comportariamos tan ben en situacións sociais como máis elitistas non sei, somos máis de estar nun bar (risas) que de estar nunha reunión formal” (E1)

<b>Prexuízos cara ao galego e os seus falantes</b>	<b>Prexuízos cara ao castelán e os seus falantes</b>
Rural, de aldea, de pueblo, paletos, atraso, asociase ás persoas maiores, bruto, informal, parviño	Urbano, de cidade, moderno, formal, elitistas , españolitos, fachas, pijos

A pesares de que todos sosteñen que existen hoxe en día aínda existen prexuízos lingüísticos, non son estes prexuízos os que utilizan, nun primeiro momento, para describir as persoas dun grupo ou outro de falantes, como vimos no apartado anterior. Polo que podemos afirmar que as actitudes dos mozos e mozas cara aos galegofalantes non son sempre negativas, non mostran os prexuízos habituais ou tradicionais negativos que existen cara ao galego. Aínda que sosteñen que estes prexuízos están presentes entre a sociedade, como podemos ver no seguinte fragmento

“Eu creo que si ti vas pola calle e escoitas a moi pouca xente falando galego sobre todo nas cidades grandes,[...] en Coruña entras a un bar a pedir algo en galego e incluso te miran raro porque a ver Coruña en concreto é unha cidade na que se fala moi pouco galego” (E2).

#### **Análise da identidade e a lingua.**

A continuación procederáse á análise da información recollida a través das entrevistas, con respecto á identidade e a lingua. Con esta análise poderase confirmar ou rexeitar unha das hipóteses derivadas deste obxectivo que consiste en: “para parte mocidade

urbana galegofalante, a lingua é un elemento configurador da súa identidade . O uso do galego entre a mocidade é un signo que representa identidade con Galicia.”

Para extraer esa información dos entrevistados realizáronse varias preguntas relacionadas coa importancia das linguas, os significados que estas aportan, o papel da lingua na identidade con Galicia, entre outras.

Todos os entrevistados se identifican con Galicia principalmente porque naceron e viven en Galicia e considéranla a súa terra. Independentemente da súa lingua habitual e da súa orixe a resposta foi afirmativa en tódolos casos.

Pero a maneira de identificarse e de valorar a lingua como elemento identitario ou ferramenta para a formación da súa identidade é moi diferente entre os grupos de falantes.

Nos galegofalantes podemos observar una tendencia a respostas claras e determinantes. Teñen moi claro o que significa para eles a súa lingua. Todos lles dan unha gran importancia ao papel da lingua para a identificación con Galicia.

“Eu se por exemplo vivira en Galicia e non tivera unha lingua propia non sería igual. Pero ten outras cousas como igual o seu folclore en cuanto a música ou baile pero a lingua tamén é un selo identitario de Galicia porque non é o mesmo por exemplo Andalucía ou así que Galicia porque falas galego tes a túa lingua e identificaste con ela” (E3)

Do mesmo modo tamén son os galegofalantes os que máis valoran as linguas en xeral, os que máis importancia lle dan, máis aló de ser un medio para comunicarnos. Está é unha das grandes diferenzas con respecto aos castelanfalantes aos que a lingua non lle aporta moitos significados nun primeiro momento. Esta diferenza condúcenos a pensar que para moitos castelanfalantes a súa identificación con Galicia non é tan intensa como é a dos galegofalantes.

“Pois eu penso non sei, para min as linguas non significan máis que son un vehículo de comunicación. Segun que lingua para segun cada zona, o galego en Galicia o catalán en Cataluña e o español para toda España.[...] Normalmente falo castelán si pero teño a costume de que na lingua na que me falan si podo, adáptome a ela.[...] Non ten ningún significado, nin galego nin castelán non sei

para min non ten ningún significado máis alá de que é un vehículo de comunicación según con quen necesitas”(E7)

Máis cabe destacar a intervención dun entrevistado castelanfalante que a pesar de que non fala galego habitualmente (aínda que si nesta entrevista) expresa a o seu posicionamento e identidade coa lingua dunha maneira categórica. Apórtalle á lingua galega un importante valor a pesar de que non a utilice

Este caso mostra como unha persoa que fale habitualmente castelán pode identificarse con Galicia e coa súa lingua. De maneira que, a lingua é un elemento de gran importancia para a configuración da identidade pero non é o único elemento a través do cal unha persoa pode identificarse con Galicia.

“Eu entendo a miña lingua como un síntoma máis ou unha característica máis dun sentido nacional ou dun estado nación i que representa determinados valores , determinados sentimentos para un grupo de personas [...]. Non podería dicir que....o castelán en si fose...o sea si que o castelán é a miña lingua habitual pero tampouco estaría ben dicir que é coa que me sinto máis indentificado. [...] Si que falo castelán pero bueno, aínda que parezca un tanto hipócrita ou estraño, casi que me identifico máis co galego que co castelán porque é o idioma que asimilo aos meus pais á miña casa e á miña familia”.(E6)

Por outra banda preguntóuselles aos entrevistados se pensaban que se debería falar máis galego. As opinións volven ser diferentes en función da lingua habitual.

Os entrevistados que falan galego habitualmente adoitan responder que si que se debería falar máis galego e destacan outra vez a importancia da linguas, porque son elementos da cultura da sociedade e dalgunha maneira serven para mostrarlles aos demais quen son.

“Si eu penso que se debería falar máis galego na Galiza, creo que como lingua principal que debería ser o galego e despois obviamente igual que todo o mundo, saber máis linguas é riqueza, pero a lingua principal e básica ten que ser a propia dun pobo”(E4)

Pódese deducir das súas respostas que utilizar máis o galego nas grandes cidades pode traer consigo a desaparición dos prexuízos cara as linguas. De maneira que normalizando o uso do galego este adquirirá unha situación moito máis favorable. Pero



en xeral os galegofalantes volven a mostrar ese sentimento de identidade con Galicia, e incluso unha preocupación pola situación da lingua.

“Si eu penso que se debería falar máis galego na Galiza, creo que como lingua principal que debería ser o galego e despois obviamente igual que todo o mundo, saber máis linguas é riqueza, pero a lingua principal e básica ten que ser a propia dun pobo”(E4)

Nos bilingües podemos atopar outra perspectiva diferente, fan referencias a liberdade individual de falar a lingua que queira cada un, pode que sexa porque eles ao falar as dúas linguas de forma habitual escollen falar unha ou outra lingua, en cada situación que se lles presenta. Tamén é certo que se aprecia que son conscientes de que ambas linguas están nunha situación de desequilibrio, mais non por iso afirman que se debería falar máis galego.

“Cada un que fale o idioma que queira eso paréceme o máis básico pero o que si que non me gusta e que se aplaste un idioma ou que se intente tirar un idioma ou algo, eso si que non me parece ben, que cada un fale o que queira pero sen discriminar aos outros. [...] eu entendo que para min teña un valor importante porque ben desde sempre se a alguén non lle meten eso desde sempre non sei porque lle vas facer que fale galego”(E10)

Con respecto aos castelanfalantes atopamos unha opinión sobre a utilización do galego moi favorable, na liña das actitudes analizadas anteriormente. Pensan que si que se debería falar máis incluso persoalmente fan unha reflexión sobre eles mesmos.

“Si, claro que me gustaría e eu persoalmente, se me pasa moitas veces pola cabeza ese sentimento de autocrítica de que si que se debería falar máis porque é digamos o que che dicía antes un, un [...] sentimento identitario”(E6)

“Pero si que me gustaría que en algún momento de mi vida pues volverme en plan, hablante de gallego. [...] Aunque hable castellano me identifico más con Galicia”(E5)

Confirmase así o que analizabamos anteriormente coas actitudes cara á lingua, os castelanfalantes teñen actitudes favorables cara ao galego e incluso chegan a preguntarse porque non falan galego, unha pregunta bastante máis difícil de responder.

### Autoposicionamento identitario

Neste apartado analízase a información dos entrevistados acerca de como se definen en relación coa lingua que falan. Isto axudaranos a descubrir de que maneira a lingua inflúe na súa identidade.

De novo aparecen diferenzas entre os castelanfalantes e os galegofalantes. Estes últimos adoitan facer referencia moitas veces a que “o galego e a nosa lingua”, “a lingua de Galicia”, “é o noso idioma”, “estou orgulloso dela”.

Este tipo de descrições ou comentarios non se atopan nos entrevistados castelanfalantes con respecto ao castelán. Pódese observar claramente que as persoas que falan galego teñen un compromiso coa lingua, non solo é unha lingua para eles é algo que os representa cara ao resto da sociedade.

Pola contra os que falan habitualmente en castelán non lle conceden ao castelán moita importancia, de feito, incluso se senten máis identificados co galego (como vimos anteriormente). Xorde neste punto, unha gran incógnita, por que non decidirse a utilizar o galego se ten un valor tan importante para a túa identidade? Este é o paso que deron os neofalantes entrevistados.

“Pois eu téñolle moito cariño ao galego (risas). [...] E non sei para min lévame a ter ese sentimento de sociedade galega e non sei para min é ese instrumento que me fai sentir parte da sociedade.[...] estou orgulloso dela e deféndoa ante todo”(E1)

Os galegofalantes reivindicán a súa lingua e séntena como propia independentemente da súa orixe ou de se son neofalantes ou se falan galego dende sempre. Falar galego para eles representa quen son e de onde veñen, é sen dúbida un elemento identitario. Entenden a lingua como un selo que mostra que o que son en parte e por nacer e vivir en Galicia falando lingua propia da súa terra.

“Pois para min a lingua é a base dunha cultura, teno todo, ten un papel básico fundamental e imprescindible para ser galego.[...] Eu creo que ser galego é un sentimento que vai máis alá non é simplemente nacer en Galicia. Podes dicir que eres galego, si cada un pode facer e dicir o que queira eu non vou xulgar a ninguén pero para min unha persoa é máis galega se fala galego porque é a súa lingua.”(E4)

### Globalización, lingua e identidade.

A última hipótese derivada deste segundo obxectivo xeral fai referencia a un aspecto da realidade actual que está a cambiar a maneira en que se relaciona a sociedade. Formuláronse varias preguntas na entrevista focalizada para alcanzar este obxectivo e rexeitar ou verificar a hipótese seguinte: “A Globalización, e as redes sociais provocan que a xuventude estea máis afastada do uso do galego”.

Normalmente a lingua que utilizan os entrevistados nas súas redes sociais é a súa lingua habitual. Os neofalantes sinalan que cando cambiaron de lingua na fala tamén a cambiaron nas súas redes sociais.

Ten especial interese o caso dos entrevistados que falan habitualmente as dúas linguas. O entrevistado “ bilingüe” con predominancia do castelán (E10) sostén que como cos seus amigos adoita falar castelán e as redes sociais utilízalas principalmente con eles, pois utiliza o castelán. Destaca tamén o entrevistado E9 que fala ambas linguas con predominancia en galego afirma que cando máis utilizaba as redes sociais facíao en castelán:

“Cando publicaba cousas utilizaba as dúas, aínda que penso que utilizaba máis o castelán coa percepción errónea de que chegaba a máis xente ou demais, pero utilizaba máis o castelán que o galego agora non publico tanto”(E9)

En relación con este mundo das redes sociais e internet preguntóuselles aos entrevistados sobre se o galego estaba de moda. As respostas foron moi diversas e non hai semellanzas en función da lingua habitual nin do hábitat.

Catro dos dez entrevistados sosteñen que non está de moda porque cada vez fálase menos aínda que afirman que a xente que o fala non é porque estea de moda. Soamente un entrevistado afirma que cree que si que a mocidade cada vez máis o utiliza nas redes e responde cun gran optimismo.

Cabe sinalar que houbo entrevistados que afirman que hai unha actitude entre parte da mocidade a falar o galego en momentos puntuais e datas concretas como pode ser o día das letras galegas ou porque unha persoa famosa o utiliza pero tamén sosteñen que iso non vai facer que se utilice máis “É flor dun día “(E3)

“Eu creo que como en todo a xente aproveitase de fechas puntuais como pode ser o día das letras galegas ou un mitin político e despois non o usan e usan castelán.(E9)

“Si bueno e que existe certo postureo nese sentido, hai peña que fala castelán habitualmente pero nas súas redes sociais para transmitir unha mensaxe concreta si que o fai en galego” (E6)

Outra entrevistada compara o uso do galego con outros movementos sociais como o feminismo para explicar en que sentido o galego está de moda. Isto é unha proba máis de que a lingua que utilizas mostra a túa identidade da mesma maneira que seguir un movemento social. Pero en relación coa Globalización ten bastante relevancia xa que a mocidade está influenciada por numerosos estímulos que seguen sen cuestionarse realmente o que fan

“Yo creo que para algunas personas sí que está de moda, yo creo que eso pasa como por ejemplo con yo que se, con el movimiento feminista que sí que es cierto que ha crecido mucho... Pero sí que, para algunas personas, utilizar el gallego como seguir el feminismo es una moda. Porque no concuerda lo que dicen con lo que hacen, entonces sí que yo creo que ahí hay un grupo de gente que sí que considera que es una moda, pero creo que sí que hay gente que lo habla porque les gusta y eso.” (E5)

Ademais, todos os entrevistados opinan que o feito de que o contido das redes sociais estea en galego afecta negativamente ao seu uso. Un entrevistado castelanfalante (E7) sostén que é algo normal porque hai moitos máis falantes de castelán que de galego. Pero a gran maioría incluído este entrevistado fan referencia á escaseza de medios en galego, nin xornais físicos nin as versións en dixital publican en galego o que é contraproducente e non ten lóxica que son xornais de noticias en galego.

Unha entrevistada galegofalante (E3) e outra castelanfalante (E5) fan referencia comparan a situación do galego nas redes sociais coa do catalán mostrando as diferenzas tan grandes que hai entre a percepción social de ambas linguas. Incluso a entrevistada que fala habitualmente en castelán afirma que ela sabe algunha canción ou palabras en catalán sen ter relación con Cataluña solo por ver información nos medios e asegura que un catalán seguro que non sabe nada de galego.

“Pero si que vexo que por exemplo co catalán si que hai máis actividade ou máis contidos en catalán. En galego case ningún hai, igual algún escritor, ou alguén mais coñecido pero en xeral case ninguén[...] e eu vexo que, por exemplo ti que podes poñer o Twitter en catalán en galego non, que hai plataformas que esixen

que se poida por en galego. E incluso corríxecho e ponche “portugués” nin sequera cho detecta e é como...”(E3)

Os entrevistados en xeral afirman que se podería facer moito máis polo galego nas redes sociais e internet pero non creen que esta situación vaia a cambiar.

Por último preguntóuselles aos entrevistados sobre se o uso do galego publicacións, blogs e demais información en internet supón un obstáculo para a difusión desas publicacións. E todos os entrevistados afirman que non é un obstáculo e fan referencia ao contido da publicación. “Non é importante en que lingua o escribes senón o que escribes”(E3) se á xente lle interesa o contido da publicación buscara a maneira de entendelo.

“A día de hoxe eu creo que non, a sociedade de hoxe en día busca o que quere e o que necesita. Xa para empezar unha persoa que fale castelán pode entender perfectamente un texto escrito en galego e senón hai vinte mil formas para traducilo. Co cal non creo que algo escrito en galego poida chegar a menos xente, se a alguén lle interesa vai acabar chegando” (E9)

Outro entrevistado (E1) incluso opina que publicar nas redes en galego permítenos moitas fronteiras porque entendémonos con Portugal, Brasil ou cabo verde, o galego non se reduce a Galicia aínda que o pensemos. Outros sosteñen que falaríamos en chino mandarín seguindo esa lóxica polo que non ten sentido.

En definitiva a lingua na que se publica non é un obstáculo para a difusión de contido en internet, o que importa e a temática da publicación. Se realmente, o contido da publicación, atrae á xente a lingua non é un problema debido a que existen moitas ferramentas para traducir e entender publicacións en internet.

### CONTRASTE DE HIPÓTESES

Unha vez analizados os resultados obtidos a través dos datos procedentes de fontes secundarias, a través da revisión de acontecementos ao longo da historia e a través da elaboración das entrevistas focalizadas, procederase a comprobar se as hipóteses plantexadas se confirman ou se pola contra hai que rexeitalas.

Con respecto ao primeiro obxectivo xeral expuxéronse dúas hipóteses. O obxectivo é: “Comprender a situación sociolingüística do galego respecto do castelán en Galicia”.

**A primeira hipótese** plantexada é: Hai unha tendencia á diminución do uso do galego especialmente entre a mocidade o que se traduce nunha perda de galegofalantes. Existen prexuízos sociais negativos cara ao galego que condiciona o uso da lingua entre a mocidade galega. Entre a propia poboación galega, existe un imaxinario colectivo no que se asocia a lingua galega a ruralidade e inferioridade o que provoca una diminución do seu uso e problemas de aceptación.

Tendo en conta a información e os datos, procedentes do IGE do MSG, analizados ata 2013 podemos observar como o número de galego falantes diminúe na sociedade e en especial entre a mocidade. Isto permítenos confirmar a primeira das hipóteses, xa que entre 1992 e 2013 a presenza do galego como lingua habitual está diminuíndo. Tomando os datos procedentes do IGE como referencia, entre 2003 e 2013, o galego como lingua habitual entre a poboación máis nova (de 5 a 29 anos) diminuíu un 46% .

A segunda parte da hipótese púidose confirmar a través das entrevistas focalizadas realizadas a 10 persoas galegas con diferentes linguas habituais. Todas as persoas entrevistadas afirmaron rotundamente que aínda existen prexuízos asociados ás linguas entre a sociedade o que provoca que se fale menos.

**A segunda das hipóteses** plantexadas para este segundo obxectivo é : A posición social (status) da lingua en Galicia atópase nunha situación de estancamento, tras certa mellora ao logo dos 70 e 80 , incluso de retroceso nos últimos anos.

Mediante unha revisión histórica de diferentes acontecementos sobre a situación da lingua a nivel político e social púidose confirmar a hipótese plantexada.

Durante os anos 80 tiveron lugar procesos que supuxeron un avance para ao galego xa que durante a ditadura estaban prohibidas todas as linguas que non foran o castelán. A transición non solo foi política senón tamén lingüística, como sostén Lorenzo (2009). Tamén se levaron a cabo diferentes iniciativas que tiñan a intención de alcanzar o obxectivo de normalizar a situación da lingua galega en Galicia. Valorando estes acontecementos, a posición social do galego entre a sociedade alcanzou unha situación favorable e de apoio á lingua.

Ao longo dos anos establecéronse leis e plans de normalización lingüística que provocaron a aparición de certos grupos que se opoñían á normalización da lingua. Destaca Gloria Lago como presidenta da asociación Galicia Bilingüe que organizou

una manifestación en 2009, apoiada polo Partido Popular, en contra da imposición do galego que afirmaban que estaba a acontecer no ensino.

Estes acontecementos levan a definir a realidade lingüística do galego como nunha situación de estancamento e pode que de retroceso porque moitos dos avances conseguidos en prol da lingua suprimíronse e como analizamos anteriormente o galego perdese entre as persoas máis novas. De modo que a segunda das hipóteses plantexadas tamén se pode confirmar.

Do segundo obxectivo xeral exposto derívanse tres hipóteses. Este obxectivo é: “Investigar o papel da lingua como elemento configurador da identidade social en mozos e mozas galegos así como as súas actitudes ante o galego”

Para confirmar ou rexeitar as hipóteses seguintes utilizáronse entrevistas focalizadas. Polo tanto a **terceira hipótese** do traballo é: Falar galego funciona só como elemento identificador negativo para certa poboación castelanfalante. Os prexuízos que hai cara ao galego tradúcense polo tanto en prexuízos cara os seus falantes o que da lugar a diferenciar o galego do castelán, sendo o galego o que está nunha situación máis desfavorable.

Todos os entrevistados, tanto castelanfalantes como galegofalantes afirmaron que existen prexuízos asociados ás linguas e sinalaron algúns asociados ao galego e asociados ao castelán. Se se comparan ambos prexuízos, os que existen cara ao galego sitúan a lingua galega nunha posición desfavorable, xa que é sinaláronse adxectivos como “tontos de pueblo”.

A pesares de que os entrevistados sosteñen que si que existen prexuízos cara as linguas os dous entrevistados que teñen como lingua habitual o castelán mostraron favorables actitudes cara a lingua incluso se pode percibir admiración cara aos galegofalantes (a pesar de que eles falen castelán) nas súas respostas. Isto é un clarísimo síntoma de que as actitudes cara ao galego e os seus falantes entre a mocidade están cambiando.

Tendo en conta a información analizada, esta hipótese non se confirma xa que non se puido comprobar a través das entrevistas, actitudes, comportamentos e opinións que mostrasen que o galego fose un elemento identificador negativo. Mais, por outra parte todos os participantes nas entrevistas afirman prexuízos desfavorables cara ao galego o que leva a situar o galego nunha peor situación con respecto ao castelán.

A seguinte **hipótese é a cuarta** que consiste en: “Tamén, para parte mocidade urbana galegofalante, a lingua é un elemento configurador da súa identidade . O uso do galego entre a mocidade é un signo que representa identidade con Galicia. O galego e o castelán en Galicia conviven nunha situación diglósica na que a sociedade, e en especial a mocidade está tomando conciencia para acadar una situación de maior equilibrio”

Sen dúbida a través das entrevistas púidose comprobar ese sentimento de identidade con Galicia mediante a lingua, os entrevistados que teñen o galego como lingua habitual apórtanlle un valor e importancia fundamental para identificarse con Galicia. Esta información permítenos verificar a hipótese xa que o galego si que representa a identidade con Galicia.

A través dos entrevistados neofalantes puidemos comprobar que existe mocidade que ten un compromiso co galego e toma conciencia para que este se atope nunha situación de maior equilibrio. Ademais, como puidemos comprobar anteriormente, os castelanfalantes teñen unha actitude cara á lingua moi favorable e a pesar de non falar galego habitualmente si que teñen ese sentimento de identidade con Galicia. De tal modo podemos confirmar a hipótese xa que se puido comprobar que a mocidade esta tomando conciencia para acadar unha situación de equilibrio entre as linguas.

A última das hipóteses plantexadas está en relación coa realidade globalizada á que estamos asistindo a cal inflúe de maneira determinante no usos da lingua: Globalización, e as redes sociais provocan que a xuventude estea máis afastada do uso do galego.

Os entrevistados independentemente da súa lingua habitual sosteñen que as redes sociais, ao estar habitualmente en castelán, provocan que a mocidade perda contacto co galego e que non hai moita xente que utilice o galego nas redes sociais. De feito algún sostén que chegou a utilizar o castelán nas redes a pesar de que habitualmente usa o galego. Por outra parte todos afirman que o galego non é un obstáculo para a difusión de información e contido en internet, xa que a sociedade dispón de ferramentas para traducir a información e o galego enténdese nunha gran parte do mundo.

Polo que podemos confirmar a hipótese xa que a xente non adoita utilizar o galego nas redes sociais e os entrevistados afirman que si, que iso supón que a mocidade se afaste do galego.



## CONCLUSIÓNS

A través da análise da información recollida puidemos alcanzar os nosos obxectivos xerais propostos que son “Comprender a situación sociolingüística do galego respecto do castelán en Galicia” e “Investigar o papel da lingua como elemento configurador da identidade social en mozos e mozas galegos así como as súas actitudes ante o galego”.

Puidemos coñecer que a situación da lingua galega na actualidade non é a máis favorable xa que hai unha notable diminución do número de falantes especialmente entre a mocidade. Púidose comprobar que, sen ben é certo que durante os anos da represión franquista o galego sufriu moito, tamén houbo tempos mellores para o galego onde se fomentaba e se impulsaba con máis forza que na actualidade.

Por outra parte ao analizar a información recollida a través das entrevistas puidemos comprobar que a lingua galega supón un importante elemento identitario entre a mocidade galegofalante. O que nos permite demostrar as palabras de Pereza e Monreal, 2013 cando afirman que a lingua “Posiciónanos socialmente e tamén individualmente en diferentes situacións e conflitos, define a nosa identidade”.

Aínda que cómpre resaltar que non é o único elemento que a define xa que os entrevistados que utilizan o castelán como lingua habitual admiten identificarse con Galicia a pesar de que non utilicen o galego habitualmente. Con respecto aos castelanfalantes destaca tamén a súa favorable actitude cara a lingua e aos seus falantes.

A pesar deste aspecto inesperado en todos os entrevistados sosteñen que existen prexuízos asociados ás linguas o que ten como resultado un desequilibrio social entre linguas que da lugar que unha se atope nunha situación máis favorable que a outra. Como afirma Almeida (1995) en ocasións xorden situacións de asimetría social e lingüística derivadas de actitudes baseadas en termos de maior/menor status ou dominación/ subordinación.

Os prexuízos existentes provocan unha separación entre o galego e o castelán que se traduce nunha separación entre o rural e o urbano. Aínda así atendendo ás actitudes positivas dos castelanfalantes cara á lingua parece que esta tradicional confrontación estase rompendo máis isto non se traduce nun maior número de falantes, sería necesario que a mocidade dera o paso a falar galego de maneira habitual.

Tamén se puideron concluír aspectos importantes en relación coas redes sociais e o mundo globalizado no que vivimos. A mocidade está continuamente nas redes sociais e

consultando información en internet que non está en galego o que provoca un distanciamento inevitable do galego e segundo a perspectiva dos entrevistados non parece que esta situación vaia a cambiar.

### TOMA DE DECISIONS FORTALEZAS E DEBILIDADES

A elaboración deste traballo supuxo un avance na miña aprendizaxe non solo en relación co tema analizado, se non que tamén nas cuestións metodolóxicas e de investigación.

Ao longo da elaboración decateime de que o tema da sociolingüística, a lingua e os conflitos lingüísticos non é unha área moi traballada dende a Socioloxía xa que adoita ser estudada por lingüistas e filólogos. Isto supuxo un reto que me levou descubrir que a socioloxía está presente en máis aspectos dos que pensamos o cal permitíume coñecer moita información pero tamén levoume a decatarme de todo o que aínda queda por facer, por aprender, e por resolver.

Ao longo do desenvolvemento do traballo xurdiron dificultades das que se poden deducir as debilidades do traballo, mais tamén significaron fortalezas xa que esas dificultades axudáronme á formarme como socióloga.

O marco teórico ten como punto débil a menor presenza de antecedentes sociólogos que de lingüistas, como comentaba anteriormente, pero é a parte da metodoloxía onde aparecen as maiores dificultades e as principais debilidades. Sintetizar os obxectivos e a elaboración das hipóteses no foi tarefa fácil pero son as técnicas metodolóxicas onde se atopan moitos dos puntos débiles.

Por unha parte a análise de datos secundarios está moi desactualizada xa que os últimos datos que hai dispoñibles pertencen a 2013, o que me levou a consultar soamente dúas fontes . Outro punto débil é a franxa de idade na que se atopaban desagregados os datos, xa que non coincide exactamente en todas as táboas de datos consultados e non é o rango de idade da poboación delimitada no traballo. Ademais xorde a dificultade de que as fontes non son totalmente comparables xa que miden a información de diferente maneira. Pero non todo foron debilidades xa que a busca de información actualizada e recente levoume a indagar e ampliar o meu coñecemento sobre fontes de datos secundarios.

Á hora de realizar as entrevistas focalizadas, a contactación non foi fácil pero o guión elaborado permitíume obter a información necesaria para verificar ou rexeitar as hipóteses expostas. Cabe destacar como punto débil o feito de que os entrevistados pertencen a unha rede de coñecidos o cal debilita a representatividade, mais a orixe dos entrevistados permite abarcar todas as provincias galegas a pesar de que soamente foron dez persoas entrevistadas. Por outra parte a análise de información cualitativa penso que non é algo sinxelo polo que a calidade desta análise pode formar parte das debilidades.

En definitiva a elaboración deste traballo supuxo persoalmente unha parte importante da miña formación como socióloga xa que me aproximou un pouco á aprender en que consiste investigación social e fíxome decatarme das múltiples posibilidades que ten a Socioloxía.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Arias, L. (2009). La identidad nacional en tiempos de globalización. *Educare*, 13 (2), 7-16.
- Apaolaza, T. (1995). Lengua y territorio. En Rodríguez, X. (Coord) *As linguas e as identidades* (pp.247-256), Santiago de Compostela.
- Almeida, M. (1995). Actitudes lingüísticas en comunidades plurilingües. *Revista de Filología Románica*, (12), 39-50.
- Barbeito, L. (2011). *La construcción de la realidad gallega a través de los medios autonómicos* (Tesis doctoral). Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona.
- Bauman, Z. (1999). *La cultura como praxis*. [Traducido al español de Culture as praxis]. Barcelona: Paidós.
- Bouza, F. (2012). Política, sociedade e lingua en Galicia. En H. Monteagudo, *Linguas sociedade e política, un debate multidisciplinar* (pp. 297-320). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Canto Ortiz, J. M. e Moral Toranzo, F. (2005). El si mismo desde la teoría de la identidad social. *Escritos de Psicología* (7), 59-70.
- Castells, M. (2010). Globalización e identidad. *Quaderns de la Mediterrània*, (14), 254-261.
- Charaudeau, P. (2012). Problemas teóricos y metodológicos en los estudios de oralidad aplicados a la cortesía. En J. Escamilla Morales, e G. Henry Vega, *Miradas multidisciplinares a los fenómenos de cortesía y descortesía en el mundo hispánico* (pp.13-33). Universidad del Atlántico
- Coller, X. e Castelló, R. (1999). Las bases sociales de la identidad grupal. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, (88), 155-183.
- Eagly, A. H., e Chaiken, S. (1993). *The psychology of attitudes*. Fort Worth, TX: Harcourt Brace Jovanovich College Publishers.
- Falcón Ccenta, P. M., & Mamani Quispe, L. A. (2017). Actitudes lingüísticas en contextos interculturales. *RLA. Revista lingüística de Teoría Aplicada*, 55(1), 95-115.
- Fernández Rei, F. (1997). A situación actual da lingua galega. *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, (5), 205-221.
- Fernández Rei, F. (2016). Situación da lingua galega desde 1963 á actualidade. *Lengas, revue de sociolinguistique*(79).
- Ferguson, C. (1959) *Diglossia*. *Word*, (15), 325–340.
- Francisco, A., e Aguiar, F. (2003). Identidad, normas e intereses. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, (104), 9-27.

- Freixeiro Mato, X. (2002). *Lingua galega*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Gimeno Menéndez, F. (1984). Multilingüismo y multilectismo. *ELUA. Estudos De Lingüística Universidad De Alicante*, (2), 61-89.
- González, M., Rodríguez, M.A., Pereiro, A. X., Loredó, X., Suárez, M.I. y Salgueiro, E. (2004 a). Mapa sociolingüístico de Galicia. *Actitudes lingüísticas en Galicia*, 3.
- González, M., Rodríguez, M.A., Fernández, A. Pereiro, A. X. y Suárez, M.I. (2004 b). Mapa sociolingüístico de Galicia. *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, 1.
- González, M., Rodríguez, M.A., Fernández, A. Pereiro, A. X. y Suárez, M.I. (2004 c). Mapa sociolingüístico de Galicia. *Usos lingüísticos en Galicia*, 2.
- González, R. (1995). Identidad étnica y lengua minorizada. En Rodríguez, X. (Coord) *As linguas e as identidades* (pp.221-246), Santiago de Compostela.
- González Veira, A., e Seoane Bouzas, N. (2010). Un achegamento aos preconceptos contra o galego por parte das mulleres a través das súas palabras. *Lingua e xénero. VI Xornadas sobre lingua e usos*, (pp.63-77). A Coruña.
- Hernández Campoy, J. M., & Almeida, M. (2005). *Metodología de la investigación sociolingüística*. Málaga: Comares.
- Humblebæk, C. e Ruiz, A. M. (2018). La nación en España: un instrumento de medida cualitativo para una cuestión compleja. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas (REIS)*, (161), 141-156.
- Iglesias Álvarez, A. (1999). Estudios empíricos sobre a lingua. *Cadernos de Lingua* (19), 5-42.
- Iglesias Álvarez, I. (2002). *Falar galego: "no veo por qué"*. Vigo: Xerais.
- Lapresta, C. e Huget, A. (2006) Identidad colectiva y lengua en contextos pluriculturales y plurilingües. *Revista Internacional de Sociología (RIS)*, 64 (45), 83-115.
- López, X. (1999): La información de proximidad en la sociedad global. Estrategias de comunicación local en la era global o como mantener la identidad en un mundo glocal. *Revista Latina de Comunicación Social*, (13).
- Lorenzo Suárez, A. M. (2009). A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística. *Galicia* (21), 20-39.
- Losada, A. (2012). Os modelos de política lingüística en Galicia. En M. Henrique, *Linguas sociedade e política: un debate multidisciplinar* (pp. 267-295). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Miguez, S. (2010). Identidad nacional, conciencia étnica y modernización. En Veira, J.L. (Coord.), *La evolución de los valores sociales en Galicia* (pp.103-126), A Coruña: Netbiblio.

- Monteagudo, H. (2009). *As razóns do galego*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo, H. (2012a). Limiar. En H. Monteagudo, *Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar* (pp. 7-13). Santiago de Compostela: Consello da cultura Galega
- Monteagudo, H. (2012b). Sociolingüística galega. Problemas e Pescudas. *Treballs de Sociolingüística Catalana* (22), 271-286.
- Monteagudo, H. (2017). *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo, H., Xaquín, L. e Martín, V. (2016). *Lingua e sociedade en Galicia A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Moreno Fernández, F. (2005). *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje* (2ªed.). Barcelona: Ariel Lingüística.
- Páramo, T. (2004). Comunicación, globalización e identidade social. *Polis*, 1 (04), 79-100.
- Pawlikowska, M. (2016). En torno a los fenómenos de lenguas en contacto entre el gallego y el castellano. *Itinerarios*, 107-122.
- Pereza Izquierdo, S., & Monreal Bosch, P. (2013). Identidad sentimientos y lengua. *Ianua. Revista Philologica Romanica*, (13), 23-31.
- Portas Fernández, M. (1993). *Lingua e sociedade na Galiza* (2ª ed.). A Coruña: Bahía.
- Ramallo, F. (2009). Cara a unha tipoloxía. *Educación e linguas en Galicia*, 15-37.
- Rojo, G. (1981). Conducta y actitudes lingüísticas en Galicia. *Revista Española de lingüística* (11), 269-310.
- Siguán, M. (1976). Bilingüismo y sociología. *Revista Española De Lingüística*, 27-88.
- Tajfel, H. (1984). *Grupos humanos y categorías sociales*. [Traducido al español de Human groups and social categories] Barcelona: Herder.
- Valles, M. S. (2002). *Entrevistas cualitativas*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas (CIS).
- Zimmerman, K. (1991). Lengua, habla e identidade. *Estudios de lingüística aplicada*, (14), 7-18.

## ANEXOS

### Guión entrevista focalizada

1. Perfil biográfico
  - a. Idade
  - b. Lugar de nacemento
  - c. Lugar de residencia
  - d. Estudos
  - e. Lingua habitual
  - f. Ocupación país
  - g. Ocupación avós
2. Que importancia lle das as linguas? Que significados ten para ti a túa lingua? Como te defines en relación á lingua que falas? Crees que se debería falar máis galego?
3. Identificaste con Galicia? Se a resposta é si, de que maneira? Que papel ten a lingua neste sentimento de identidade con Galicia?
4. Que opinas das persoas que falan galego? Como as describirías? E das que falan castelán? Como as describirías? Que unha persoa fale galego ou castelán supón para ti un indicador dos valores que ten esa persoa?
5. Pensas que na actualidade existen prexuízos ou estereotipos asociados ás linguas e aos seus falantes? Poderías sinalar algún cara ao galego? E cara ao castelán?
6. Cal é a túa percepción sobre o uso do galego? Como evolucionou? Que pensas que pode acontecer nos próximos anos?
7. Que lingua utilizas nas túas redes sociais como Instagram Facebook ou Twitter? Porque? Pensas que o galego esta de moda?
8. Como crees que afecta a lingua na que está o contido das redes sociais ao uso do galego e a identidade con Galicia? Podería ser doutra maneira?
9. Crees que o uso do galego en redes sociais, páxinas web, e outro tipo de información en internet supón un obstáculo para a súa difusión?

TRANSCRICIÓN ENTREVISTADO 6 HOME CASTELANFALANTE

**A entrevista que imos realizar é para o meu traballo de fin de grao que trata sobre a identidade e a lingua entre a mocidade. Son varias preguntas que podes responder explicando o que consideres oportuno. Primeiramente serán unas datos biográficos sobre ti e despois empezamos a entrevista.**

(Os datos biográficos relevantes están descritos no cadro tipolóxico)

**1. Que importancia lle das as linguas? Que significados ten para ti a túa lingua? Como te defines en relación á lingua que falas?**

Realmente a ver...é que o meu caso é un tanto particular, a ver é o que lle pasa a moita xente, no sentido de que a miña lingua é o castelán pero por parte de pais por parte de abuelos por parte de tíos toda a miña familia é galegofalante.

Eu entendo a miña lingua como un síntoma mais ou unha característica máis dun sentido nacional ou dun estado nación i que representa determinados valores , determinados sentimentos para un grupo de personas ou para unha persona en concreto. Non podería dicir que....o castelán en si fose...o sea si que o castelán é a miña lingua habitual pero tampouco estaría ben dicir que é coa que me sinto máis indentificado. Porque realmente, non eu solo, todas as persoas que vivimos en Galicia falamos un castelán misturado co galego en moitos sentidos, utilizamos tempos non compostos, palabras propias do galego... Si que falo castelán pero bueno, aínda que parezca un tanto hipócrita ou estraño, casi que me identifico máis co galego que co castelán porque é o idioma que asimilo aos meus pais á miña casa e á miña familia.

**E porque falas castelán?**

Pois mira, segun me ten dito a miña nai, eu falaba unha especie de galego acastrapado unha especie de castrapo cando comezaba a falar, pero por “culpa”, este culpa entre comillas, de que estaba nunha guardería castelán falante cen por cen, pois como que se me impuxo o castelán por encima. Incluso hai unha anécdota que dice a miña nai, que me foi buscar un día á guardería e que que estaba alí tal facendo as miñas historias e díxenlle á miña nai: mira un can. E a profesora fíxome así na man (*da un golpe na súa man imitando o xesto*) e díxome: no can no, perro. Entón bueno supoño que ben por aí e despois no colexio tódolos rapaces falaban castelán tamén entonces.



### **En definitiva as linguas para ti son importantes?**

Si porque son os síntomas identificables para unha persoa, son.. o sea, están relacionadas cos sentimentos e con ese sentimento de pertenza a un lugar ou ao un país.

### **Crees que se debería falar máis galego?**

Si, non solo falar. Para que se fale ten que difundirse, ten que normalizarse nese sentido i estando nun país ou nunha comunidade autónoma, como lle queiras chamar, no que solo existe unha cadena, ou dúas cadenas (esta a TVG2) galegofalantes, e na que.. bueno dende a semana pasada no, pero na que ata a semana pasada tódolos medios publicados de forma escrita ,tódolos periódicos eran en castelán, agora saíu este de Sermos Galiza que se chama Nos e é en galego, pero bueno.. pois iso influe moito en que a xente non fale galego.

Si, claro que me gustaría e eu personalmente, se me pasa moitas veces pola cabeza ese sentimento de autocritica de que si que se debería falar máis porque é digamos o que che decía antes un, un, un...

### **Elemento identitario?**

Si si, exacto

## **1. Identificaste con Galicia? Se a resposta é si, de que maneira?**

Si que me identifico. Sinteste identificado porque é o lugar onde naciches onde medraches onde te criaches mmmm non... digamos non son independentista no sentido de que non considero que polo de agora necesite Galicia ser un estado propio, non sei se a pregunta iba por aí. Pero bueno si que entendo a Galicia como un lugar onde nacín e as raíces a as tradicións e a cultura propia de Galicia debe ser respectada e non eliminada, como parece que está intentando ser hoxe en día.

### **Que papel ten a lingua neste sentimento de identidade con Galicia?**

Pois a lingua eu enténdoa como vehículo digamos como a médula espiñal da cultura galega. Da lingua medra todo, da lingua medra a tradición, o arte, incluso podería dicir que hai unha palabra galega que define moi ben a forma de pensar e a forma de ser das personas aquí en Galicia que é a morriña, que é ese sentimento de que extrañamos a Galicia cando non estamos nela ou cando estamos lonxe. Representa moi ben como se

entende o galego dentro de Galicia, cando solo hai unha palabra que poida definir ese sentimento e que e unha palabra única que non existe noutra lingua.

## **2. Que opinas das persoas que falan galego? Como os describirías?**

Valientes ou tirados pa diante non sei. Si que hai xente, a min axudoume moito cando saín de Ourense e fun estudar a Santiago que coñecín a galegofalantes de nacemento, que non viven nas grandes cidades galegas, que viven non sei en Vimianzo, ou en Zas ou non sei, en Viveiro. Xente que fala galego dende a súa infancia e paréceme bastante meritorio, xa que estás contra vento e marea por que non atopas...bueno se estas nunha vila coma estas (*referíndose as nomeadas anteriormente*) si, porque hai outros rapaces da túa idade que poden falar galego. Pero se naces nunha cidade grande, xa non solo Ourense senón, Vigo ou A Coruña sobre todo pois as persoas galegofalantes que viven nestas cidades e que loitan case “día a día” por falar a lingua que queren a min paréceme que ten moitísimo mérito.

### **E das que falan castelán? Como os describirías?**

Supoño que aí hai de todo entre os cales me atopo eu. Unha persoa que fale castelán non ten por que depreciar o galego neste caso ou outras linguas. Existen casos que si, que falan desta inventada “imposición del gallego en Galicia” pero no, a ver eu creo que cada persoa fala na lingua na que se sente máis cómoda e na que se desenvolve mellor no seu día a día pero no creo que exista unha incompatibilidade entre falar castelán e falar galego.

### **Que unha persoa fale galego ou castelán supón para ti un indicador dos valores que ten esa persoa?**

Non debería pero si. En plan...aínda que non é certo, si que existe esa dicotomía ou ese binomio de si fala castelán ás veces como que o relacionas directamente con persoas cun nivel socioeconómico máis alto, incluso con unha certa ideoloxía. Porque eu creo que ao existir en Galicia solo un nacionalismo identitario de ideoloxía de esquerdas e non existir un nacionalismo forte como en Cataluña ou en Euskadi un nacionalismo de dereitas pois que se asocia eso de se falas galego eres do Bloque ou de En Marea e independentista i pola contra falas castelán e eres pois e...do PP ou de Vox. Que a ver o PP aquí en Galicia como que asumiu ese discurso rexionalista nacionalista e asumiu o galego como propio pero o que quero dicir que é que existen esas confrontacións en todos os ámbitos. É dicir, falas galego eres de pueblo, falas castelán eres de ciudá.

**3. Pensas que na actualidade existen prexuizos ou estereotipos asociados ás linguas e aos seus falantes? Poderías sinalar algún prexuízo cara ao galego? E cara ao castelán?**

Si pero bueno, existen pero porque todo o seu prexuízo ten a súa parte de verdá. Existe esta dicotomía porque obviamente nas vilas se fala máis galego que nas cidades. Entonces que se escoitas falar galego por aquí xa asumes que esa persoa foi criada ou vive nunha vila. Se vas a Santiago(poño estes exemplos que me tocaron a min) a clase o primeiro día e ves unha persoa que che fala en castelán eu o que inmediatamente penso desa persoa e que debe de vir de Coruña, de Ourense, de Vigo. Etc. Non asumes que esa persoa que fala castelán pode vir de non sei Monforte. Si que existen eses prexuizos i a nivel digamos de lingua vehicular e que na LOMCE se pode ver que non se entende o galego como unha lingua que pode ser utilizada para as materias de ciencias experimentais e que está digamos relegada ás materias de humanidades incluso se pon as linguas estranxeiras como o inglés ou o francés por encima. O que falábamos antes, tamén está asociada a nivel socioeconómico. Existe eso que falaba Castelao de que” habla gallego el tonto de pueblo y habla castellano el señorito de ciudad” supoño que eso existe hoxe en día. A ver non son prexuizos que compartan pero si que son os prexuizos que existen

**4. Cal é a túa percepción sobre o uso do galego? Como evolucionou?**

Pois a ver eu antes do 96 que é cando nacín moito non sei. Pero si que antes cando gobernaba o bipartito aquí, cando gobernaba o PSOE e o Bloque que existía unha tendencia máis favorable a promocionar a lingua. O Xabarán tivo o seu momento culmen, fomentábase tamén na educación e da cultura o galego e despois cando chegaron as maiorías do PP e sobretudo coa LOMCE, si que digamos que o emprego da lingua baixou.

**E persoalmente ti que percepción tes?**

Non sei...Si que se fala máis galego no rango da miña idade entre 20 e 25 que na idade do meu irmán de entre 15 e 20 pero bastante máis e eu penso que é por eso. Os da nosa idade vivimos unha etapa na nosa formación académica na que se fomentou a lingua dun xeito importante. E no caso do meu irmán, estas persoas nadas no 2000,2001,2002 si que a viviron pero a un nivel educativo máis baixo e non o.. digamos non o sentiron ou apreciaron tan fortemente pero eu creo que o emprego do galego a xente que fala galego a miúdo vai costa abaixo, cada vez hai menos.

### **Que pensas que pode acontecer nos próximos anos?**

Pois nun futuro inmediato eu penso que seguiremos igual porque eu penso que existe como unha certa contradicción, non se fomenta o galego na educación ou nos medios de comunicación pero si que existe entre a poboación un sentimento identitario cara á lingua. Creo que xa falando nun futuro máis adiantado, non creo que chegue a desaparecer. Non creo que eso ocorra pero si que se rematará restrinxindo por desgracia a espazos concretos e determinados a nivel cultural ou a nivel na rúa pero polo que vexo e observo pouco a pouco está sendo restrinxido a niveis culturais ou institucionais e cada vez máis.

Mira vese simplemente no presidente da Xunta, cando saíu elixido solo falaba galego sempre en tódalas roldas de prensa e tal e como que agora vai facendo esa dicotomía e o paso seguinte e falar so castelán bueno ahora mañá non, pero en algúns anos o paso seguinte será falar só castelán ata falalo sempre. Creo que o camiño que estamos seguindo é ese pero non creo que desapareza, porque existe un sentimento de identidade e de pertenza cara á lingua e todo o que representa Galicia nese sentido que non.. vaia estrañaríame moito que se permitise e que a sociedade aceptase a desaparición dunha lingua.

### **5. Que lingua utilizas nas túas redes sociais como Instagram Facebook ou twitter?**

En instagram o castelán solo en Faacebook ou Twitter vou variando máis ou menos. Sin embargo ahora entre uns amigos, aproviecto para facer publicidade (*risas*). Temos un blog, proxima revista de historia e enton ahi todo é en galego e todas as redes sociais que xestiono do blog, son en galego. Asi que podería decir 50-50.

#### **Porque? Pensas que o galego esta de moda?**

Si bueno e que existe certo posturo nese sentido, hai peña que fala castelán habitualmente pero nas súas redes sociales para transmitir unha mensaxe concreta si que o fai en galego. Por exemplo cando foi o accidente o Alvia aquí, moitas das mensaxes de condolencia e de protesta que diversas personas fixeron a traves das súas redes sociales foron en galego cando elas son castelán falantes de toda a vida e habitualmente. Por que? Porque aí o que penso eu é que sentiron que a mellor lingua para expresar a dor que estaban sentido nese momento era o galego porque era a lingua que lles remitía digamos a un acontecemento tan tráxico e tan próximo como foi o accidente do Alvia.

E como eso miles de cousas de feito hai xente que cando se cabrea aínda que fale castelán habitualmente cambia ao galego. O que quero decir e que si que existe unha

moda porque non creo que a sociedade o deixe desaparecer ao galego, porque existe ese sentimento de identidade e porque hai determinados sentimentos que case que che pide o corpo.

Eu non sei como se transmite eso se a nivel educativo ou a nivel familiar, polo menos na miña xeración ou no rango de persoas da miña idade si que notas eso, os que falan castelán habitualmente, para transmitir determinados aspectos e determinada información si que emprega o galego. Podería existir ese postureo si, eu penso que si que existe.

**6. Como crees que afecta a lingua na que está o contido das redes sociais ao uso do galego e a identidade con Galicia?**

Obviamente se ti te atopas coas redes sociais que están predeterminadas nunha lingua en concreto pois como que che está invitando a usala ou empregala nesa lingua en concreto si. Si que afecta a nivel negativo pero igual que afecta de que trinta canales de televisión haxa solo dous en galego e que todos os medios a nivel impresos son todos en castelán. Son detalles que non son detalles aínda que nos parezan que si, pois inflúen negativamente na difusión da lingua.

**Podería ser doutra maneira?**

Si, si que podería ser pero supoño que iso está tamén en relación coas modas. Se hipoteticamente se puxese de moda falar galego ese comezase a asimilar o galego como unha lingua moderna por nivel de non sei, ganancias ou seguir a tendencia as grandes redes sociais como Twitter, facebook e Instagram cambiarían a súa lingua vehicular no caso concreto de Galicia pero non creo que suceda.

**7. Crees que o uso do galego en redes sociais, páxinas web, e outro tipo de información en internet supón un obstáculo para a súa difusión?**

En que sentido?

**Por exemplo se ti en Facebook publicas un “post” que estea en galego, pensas que é un obstáculo para que se difunda? Independentemente do contido da publicación.**

Si si, a ver é un obstáculo porque a ver ao existir menos personas no mundo galegofalantes pois si que che van entender e che van comprender menos personas eso, pero eso é unha realidade. Pero se seguísemos esa lóxica tódolos podcast serían en chino mandarín ou en español ou en inglés e desaparecerían o resto de linguas do

mundo. Non creo que sexa un obstáculo porque xeneralmente....esto é un prexuízo tamén pero podcast que están escritos en galego acostuman a falar de temas exclusivamente referidos a Galicia entón as persoas que se acostumen a escoitar ou que se van a interesar por ese podcast hipotético pois non van ter ningún problema, en teoría.

**Moi ben, non sei se queres comentar algo máis**

Pois non, nada gracias

**Gracias a ti por participar**

TRANSCRICIÓN ENTREVISTADO 1 HOME NEOFALANTE

**A entrevista que imos realizar é para o meu traballo de fin de grao que trata sobre a identidade e a lingua entre a mocidade. Son varias preguntas que podes responder explicando o que consideres oportuno. Primeiramente serán uns datos biográficos sobre ti e despois empezamos a entrevista.**

(Os datos biográficos relevantes están descritos no cadro tipolóxico)

**1. Que importancia lle das as linguas? Que significados ten para ti a túa lingua? Crees que se debería falar máis galego?**

Para min a lingua antes non era demasiado importante agora collínlle moito... o sea para min está recobrando moitísima importancia e creo que é o instrumento co que me comunico coa xente e creo que saber con quen estás falando ou contra quen estás falando en certos momentos modula un pouquiño como falas e que lingua falas e que rexistro utilizas e penso que é importante coñecer e coñecer todos os recursos que ten para poder utilizala o mellor posible. E despois que significados pois eu téño moito cariño ao galego (risas). É como falo cos meus abuelos que falaban toda a vida en galego entón e como a forma que teño de conectar con eles. Despois o meu pai fala en galego tamén con el falo galego e a miña nai antes falaba galego e agora pois fala máis castelán. E non sei para min lévame a ter ese sentimento de sociedade galega e non sei para min é ese instrumento que me fai sentir parte da sociedade.

**Como te defines en relación á lingua que falas?**

Pois son un usuario habitual non sei (risas). Despois non sei, estou orgulloso dela e deféndoa ante todo.

### **Crees que se debería falar máis galego?**

Eu considero que en Galicia si que se debería falar máis galego. Porque eu considero que hai moita xente que non solo non lle da importancia ao galego senon que lle falta ao respecto e que a deixan demasiado de lado sen ter un argumento ou razonamento lóxico a por que o fan, simplemente porque lle da a gana ou por vagancia en moitos casos seguramente. E si eu penso que se debería falar mais galego en moitos ámbitos por exemplo no ámbito político e administrativo paréceme que se utiliza moi pouco tamén. E aí creo que hai que potencialo.

### **2. Identificaste con Galicia? Se a resposta é si, de que maneira?**

Si, moito. Identifícome coa cultura, identifícome coa nosa forma de intrínseca de ser galegos (risas) que todo o mundo di que somos secos pero moi moi cariñosos e moi amigables e que cando nos empezas a coñecer que acollemos a todo o mundo cos brazos abertos e eu considérome 100% eso. E con toda a nosa cultura toda a nosa musica e todo o noso baile e coa lingua por suposto

### **Que papel ten a lingua neste sentimento de identidade con Galicia?**

Penso que a lingua é moi importante a nivel cultural por exemplo. Creo que pasamos moitas cousas coa nosa lingua por bandeira, dende os Reis Católicos e creo que é esa estampa que temos aí impresa na nosa lingua e o feito de que sempre quedamos...a lingua galega sempre quedou un pouco apartada e os galegos sempre nos sentimos un pouco apartados e penso que eso vai da man. E despois na literatura e todo eso penso que é moi importante.

### **3. Que opinas das persoas que falan galego? Como os describirías?**

Puff e que hai xente que fala galego que me cae moi ben e xente que fala galego que me cae mal tamén. Pero a ver penso que a xente que fala galego polo xeral son xente que ten algo de cariño pola súa terra e que se senten non sei, arraigados en Galicia, algo de sentimento galego aínda lles queda.

### **E das que falan castelán? Como os describirías?**

As persoas galegas que falan castelán, ou ben a súa situación fai que falen en castelán continuamente ou ben porque se rodean de xente que non sabe falar galego polo que sexa ou que perderon ese cariño por Galicia e que perderon ese sentido de pertenza á nosa sociedade galega.

**Que unha persoa fale galego ou castelán supón para ti un indicador dos valores que ten esa persoa?**

Depende moito do contexto pero se falamos exclusivamente de persoas galegas que elixen falar ou galego ou castelán, comigo que falo galego, si que creo queeee... a ver si que creo que pode indicar algo máis, quizais inconscientemente pero si. A ver non a niveis moi profundos.

**Que pode indicar?**

Pode indicar que teña algúns prexuízos, que foron educados por xente que sufriu algún tipo de consecuencias por falar galego na súa xuventude, que penso que este é o caso máis habitual. Ou simplemente que viven nunha sociedade como pode ser en Vigo, que ninguén fala galego. Todo o mundo fala castelán entón non hai ese, ninguén lles inculcou que falar galego estaba ben e que era bonito entonces.

**4. Pensas que na actualidade existen prexuízos ou estereotipos asociados ás linguas e aos seus falantes?**

Si, si, si, rotundísimo (risas)

**Poderías sinalar algún cara ao galego?**

Pois eu sempre son tachado de, o de máis de pueblo polo grupo de amigos de Vigo i é precisamente porque falo galego porque non é que eu teña ningunha actitude de máis de pueblo que ningún dos de alí. Pero si, penso que hai esa actitude de que somos máis brutos e quizais non nos comportariamos tan ben en situacións sociais como máis elitistas non sei, somos máis de estar nun bar (risas) que de estar nunha reunión formal.

**E cara ao castelán?**

Pois un pouco o contrario, se falas máis castelán tes máis oportunidades, se falas castelán eres máis educado, se falas castelán tes un prestixio social moito maior.



## **5. Cal é a túa percepción sobre o uso do galego?**

Penso que esta infrautilizado, a ver non teño datos que o respalden pero a ver no meu círculo penso que está infrautilizado e creo que desde a administración non se esta facendo o suficiente para potenciar o seu uso.

### **Como crees que evolucionou?**

Pois esta complicado, depende moito de onde o vexas. Por exemplo eu , ademais de en Vigo vivo gran parte do ano en Allariz. Entonces en Allariz estou vendo un repunte grandísimo de nenos pequenos que falan en galego, o cal me parece maravilloso, incluso con pais que non falan galego. Pero como os nenos falan galego na escola, e a escola de Allariz potencia moito todo eso pois vexo rapaciños que falando galego. Eso en Vigo é inviable, creo que nos 5 anos que levo vivindo en Vigo non vin a ningún neno pequeno falando galego pola calle cos seus pais.

Entón eu creo que a parte da sociedade que segue falando galego é a máis maior e creo que eso é en todas as cidades por igual. Pero despois creo que hai reductos de Galicia no que a xuventude está volvendo a utilizar galego que penso que é un pouco o que me pasou a min realmente. Dinme conta tarde de que o galego valía a pena e foi entrar na Universidade e volvíñ falar galego e coma min, bastante xente.

### **Que que pode acontecer nos próximos anos?**

Pois depende moito de como vaia o panorama político pero eu quero pensar que isto vai a ir a mellor e que cos anos mais xuventude vai comezar a falar galego e espero que esa xuventude cando medre e se faga máis maior que sega utilizando galego e que llo transmitirá aos seus fillos e que esto pois seguirá. Non sei se é realista ou non pero é o que quero pensar.

## **6. Que lingua utilizas nas túas redes sociais como Instagram Facebook ou twitter? Porque?**

Pois eu utilizo en Facebook e twitter galego e despois en linkedin inglés e xa, non uso máis redes sociais. Uso galego porque é a lingua na que falo e suponse que as redes sociais son para transmitir o que pensas e eu penso en galego.

### **Pensas que o galego esta de moda?**

Si, un pouco si! E dáme a sensación de que si que vexo a mais xente nova que utiliza galego nas redes sociais e que despois non o fala pero que nas redes sociais utiliza o galego. Non sei ben o motivo, pero é un fenómeno curioso, non sei realmente pero pode ser que agora me rodeo de xente que empeza a universidade e claro cando chegas á universidade o panorama é distinto e como que se lles abre un pouquiño máis a mente non o sei. Pero si si, pode ser que este un pouco de moda

**7. Como crees que afecta a lingua na que está o contido das redes sociais ao uso do galego e a identidade con Galicia?**

Eu penso que se entras nunha interface, poñamos twitter e está en galego digamos predeterminado, por exemplo se tiveran twitter en galego predeterminado para a xente de Galicia, para a xente de Galicia que se meta a twitter eu creo que eso implicaría que a xente se tiraría máis para diante a escribir en galego en twitter e o mesmo pasa en Facebook. Despois eu penso que desvirtúa un pouco o feito de que eu non podo poñer en Facebook que son de Ourense, teño que por que son de Orense, ou unha persoa de Xinzo, ten que poñer que es de Ginzo. Supoño que isto será un servizo externo a Facebook pero é algo que desvirtúa moito e ten un impacto na xente que o ve si, eu penso que afecta bastante. Si empezaran a poñelo en galego estaría ben, Twitter en galego está bastante ben traducilo pero telo que seleccionar ti.

**Podería ser doutra maneira? Se estivese en galego tería outras consecuencias non?**

Claro, se puxeran as redes sociais en galego para Galicia de maneira predeterminada, porque eso é fácil de facer a nivel informático non me poden dicir que non. Penso que todo o mundo entende en Galicia o galego bueno unha proporción moi ampla de Galicia entende o galego e a quen non lle guste que o cambie. Penso que si que eso afectaría moi positivamente a que a xente empezara a publicar máis en galego e que a xente lle collese máis cariño á lingua e todo eso.

**8. Crees que o uso do galego en redes sociais, páxinas web, e outro tipo de información en internet supón un obstáculo para a súa difusión?**

Eeee....non sei moi ben o que me queres dicir.

**Por exemplo se pensas que é mellor non por un post en galego porque senón non o lee ninguén. Non sigo que sexa así, solo é unha pregunta. Entendese?**

Ee a ver quen pense eso e que ten unha mentalidade un pouco cerrada,eu creo que non. Se ti fas unha publicación en galego obviamente quere decir que está dirixida a quen fala galego. Pero galego falamos os galegos pero tamén falan os portugueses, tamñen falan os brasileiros, tamén o falan en Cabo Verde. O sea non creo que estes reducindo realmente. Si a ver, unha persoa, quizas non sei, de Madrid pois ao mellor, dependendo de que tipo de post teñas pois igual dice está en galego pois esto é para galegos. Da mesma maneira que se eu vexo un post en catalán ou me sae un anuncio en catalán digo vale isto está feito para os cataláns. Podo lelo si me interesa ou non, pero vale a miña primeira reacción é que isto non é para min. Pero asi o galego ten unha difusión a nivel mundial grandísima non creo que estea restrinxindo nada. Non está restrinxido a unha poboación moi pequena.

**Por último, ti non falabas galego como lingua inicial ou si? Pódesme contar unha traxectoria coa lingua?**

A ver eu, na miña casa o meu pai sempre fala galego sempre falou galego, ven dunha aldea na que os seu pais sempre falaron galego. Por parte da miña nai sempre fala en castelán porque os meus abuelos sempre falaron en castelán porque eles viviron toda a vida na cidade e obviamente a represión franquista nas cidades foi moito maior ca no pueblo a nivel de lingua. Polo que eu fun criado por dous pais que falaban en dous idiomas distintos e cando nacín o idioma que collín foi eu foi o galego.

Eu falaba galego ata os catro anos que foi máis ou menos cando comecei a educación infantil e despois a partir de aí entrei nun cole no que todo o mundo profesores, alumnos e demais falaban en castelán e entón eu por presión social supoño asimilei o castelán como idioma que tiña que falar . Seguí falando co meu pai algúns anos en galego na casa pero despois xa asimilei o castelán como idioma principal e ata chegar á universidade non volví falar o galego todo ese tempo. E cando cheguei á universidade dixen cambio radical vou coller o galego outra vez, aquí non me coñece ninguén, a ninguén lle vai parecer raro que comece a falar galego e asimileino primeiro na universidade e despois trasladeino a tódolos ámbitos da miña vida. E os amigos cos que antes falaba en castelán comecei a falar en galego con eles e ao principio a todo o mundo lle pareceu raro pero asimilárono moi ben e a ninguén lle pareceu mal realmente e dende entón. Dende fai cinco anos que falo galego, fáloo moi mal pero moi orgulloso.

**Pois moitisimas grazas por colaborar**